

III PLAN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO DO CONCELLO DE RODEIRO 2020-2023



III PLAN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO DO CONCELLO DE RODEIRO 2020-2023

EDICIÓN: CONCELLO DE RODEIRO

COORDINACIÓN: SERVIZO DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR DO CONCELLO DE RODEIRO

ELABORACIÓN: RETNOVA PROXECTIA CONSULTING



RETNOVA
ProxectiaConsulting

retnova@retnova.com
www.retnova.com

COFINANCIADO POR:



Índice

PRESENTACIÓN.....	3
1. INTRODUCCIÓN	4
2. DESEÑO METODOLÓXICO	6
3. DIAGNOSE PREVIA: DESCRICIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN E OUTRA INFORMACIÓN MUNICIPAL.....	8
3.1 CARACTERIZACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN DE RODEIRO	8
3.2 OUTROS DATOS DE INTERESE SOBRE SERVIZOS MUNICIPAIS	22
3.2.1 <i>Persoal do Concello</i>	22
3.2.2 <i>Servizos de conciliación municipais</i>	23
3.2.3 <i>Datos sobre violencia de xénero</i>	25
3.3 NECESIDADES E DEMANDAS RELACIONADAS COA IGUALDADE DE XÉNERO NOS DISTINTOS ÁMBITOS..	26
4. MARCO NORMATIVO.....	28
5. PRINCIPIOS INSPIRADORES, FINALIDADE E VIXENCIA.....	33
6. ESTRUCTURA DO PLAN	36
7. PROGRAMA DE MEDIDAS	41
ÁREA ESTRATÉXICA 1: IMPULSANDO A IGUALDADE DESDE A INSTITUCIÓN.....	41
ÁREA ESTRATÉXICA 2: REFORZANDO O CAMBIO DE MODELOS E VALORES PARA A IGUALDADE	46
ÁREA ESTRATÉXICA 3: PROMOVEDO A EMPREGABILIDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE	50
ÁREA ESTRATÉXICA 4: MELLORANDO A CALIDADE DE VIDA E O BENESTAR	55
ÁREA ESTRATÉXICA 5: FAVORECENDO O EMPODERAMENTO E A CIDADANÍA ACTIVA	60
ÁREA ESTRATÉXICA 6: COMBATENDO A VIOLENCIA DE XÉNERO.....	66
8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....	71
ANEXO 1: FICHA DE RECOLLIDA DE DATOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN	72
ANEXO 2: TÁBOA RESUMO DO PROGRAMA DE MEDIDAS.....	75

PRESENTACIÓN

Coa aprobación do III Plan de Igualdade de Xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023 a nosa institución ratifica o seu compromiso co impulso de accións que removan os obstáculos que, a día de hoxe, seguen impedindo unha igualdade real de mulleres e homes nos distintos eidos.

Este terceiro plan é froito da experiencia e aprendizaxe dos dous anteriores e con el quérese seguir avanzando no recoñecemento das mulleres como suxeitos activos no desenvolvemento local, así como na posta en marcha de actuacións dirixidas a eliminar as distintas fendas de xénero que aínda persisten na nosa sociedade.

Ao longo destes anos constatouse un avance na sensibilización da cidadanía sobre a necesaria igualdade de mulleres e homes, nomeadamente en torno á expresión máis cruel da desigualdade, a violencia de xénero; ao tempo que se fortaleceron recursos municipais que permiten que as mulleres e homes de Rodeiro poidan facer compatible a esfera laboral coa persoal e familiar.

Pero aínda persisten desequilibrios notables por razóns de xénero que se manifestan en ámbitos que o plan tamén aborda: unha menor participación das mulleres e unha inferior presenza en ámbitos de decisión; menores oportunidades de emprego; dificultades de conciliación en ausencia da necesaria corresponsabilidade; existencia de estereotipos sexistas que condicionan as relacións persoais e sociais, etc.

Para abordar con éxito estas desigualdades, o III Plan pretende integrar os esforzos acometidos desde as distintas áreas municipais, reforzando o principio de transversalidade, de maneira que todas as políticas locais que desenvolvamos integren en todo o momento o necesario enfoque de xénero.

Coa imprescindible colaboración de toda a cidadanía de Rodeiro seguiremos traballando para favorecer os cambios culturais, económicos, laborais e sociais aínda tan necesarios para acadar unha igualdade de xénero real, desde o profundo convencemento de que estes cambios redundarán na mellora da calidade de vida e no benestar de todas e todos.

Luís López Diéguez

Alcalde de Rodeiro

Ana Belén Calvo Mariño

Concelleira de Igualdade

1. INTRODUCCIÓN

Preséntase neste documento o III Plan de Igualdade de Xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023, instrumento de planificación a través do cal a institución municipal quere seguir avanzando nos vindeiros anos na eliminación das desigualdades entre mulleres e homes que, a pesar dos avances conseguidos, aínda están presentes en distintas esferas da nosa sociedade.

É posible constatar fendas e desequilibrios de xénero en distintos ámbitos que dan conta dunha desigualdade de facto entre mulleres e homes: na persistencia de estereotipos de xénero que condicionan distintas dimensións da vida de mulleres e homes; na ausencia de corresponsabilidade na asunción das responsabilidades domésticas e familiares; menores oportunidades de emprego para as mulleres; escasa presenza en postos de responsabilidade e decisión; menor participación e acceso aos recursos etc.

Un plan de igualdade representa unha planificación a futuro de todo un conxunto de accións que, neste caso, a Administración local, pode e debe impulsar para combater a persistencia e reprodución das desigualdades e promover unha sociedade verdadeiramente igualitaria. O plan serve, ademais, para ofrecer servizos con perspectiva de xénero, axustados ás necesidades da poboación do concello, de mulleres e homes, rapazas e rapaces, nenos e nenas de Rodeiro; ao cabo, a Administración municipal é recoñecida como o ámbito político máis próximo á cidadanía e, en consecuencia, coñecedor directo das súas necesidades e demandas.

O instrumento de planificación que aquí se presenta estrutúrase en seis áreas de actuación a través das que se quere seguir traballando para a eliminación dos anteditos desequilibrios de xénero no horizonte 2023. Estas áreas estratéxicas son:

- Área estratéxica 1: Impulsando a igualdade desde a institución.
- Área estratéxica 2: Reforzando o cambio de modelos e valores para a igualdade.
- Área estratéxica 3: Promovendo a empregabilidade e a conciliación corresponsable.
- Área estratéxica 4: Mellorando a calidade de vida e o benestar.
- Área estratéxica 5: Favorecendo o empoderamento e a cidadanía activa.

- Área estratéxica 6: Combatendo a violencia de xénero.

En canto á estruturación dos contidos deste documento, integran o plan os seguintes apartados:

- Tras desta introdución, ofrécese un capítulo no que se detalla a metodoloxía desenvolvida para a súa elaboración.
- Na terceira epígrafe recóllense os resultados principais da diagnose previa realizada: unha descrición sociodemográfica da poboación de Rodeiro e outros datos de interese, así como o sinalamento das principais necesidades e demandas identificadas no proceso participativo levado a cabo.
- O capítulo 4 condensa a normativa de maior relevancia en materia de igualdade de xénero no plano internacional, europeo, estatal, autonómico e local.
- O quinto apartado detalla os principios que inspiran e deben orientar a aplicación do plan, xunto coa súa finalidade e vixencia.
- O capítulo 6 describe a estrutura xeral do plan en áreas estratéxicas e obxectivos.
- A sétima epígrafe constitúe a parte central do documento: o programa de medidas a desenvolver para avanzar na igualdade de xénero nas distintas áreas no horizonte 2023.
- O oitavo capítulo inclúe unha serie de directrices para a realización do seguimento e avaliación do plan.
- Por último, o documento inclúe dous anexos: unha ficha para a recollida de información sobre as actuacións que se desenvolvan e unha táboa que condensa a xeito de resumo as áreas, obxectivos e medidas deste III Plan.

2. DESEÑO METODOLÓXICO

Neste apartado descríbese o proceso metodolóxico adoptado para a elaboración do III Plan para a Igualdade de Xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023.

As fases de elaboración foron as seguintes:

1ª.- FASE PREVIA: ANÁLISE DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DO PLAN ANTERIOR.

En primeiro termo realizouse unha análise e incorporación da avaliación de resultados do plan anterior, coa finalidade de identificar as accións que poderían ter unha continuidade no plan actual, así como os aspectos susceptibles de ser mellorados. Algunhas das conclusións recollidas no proceso de avaliación foron as seguintes:

- En liñas xerais, o II Plan revelouse como un instrumento de planificación ambicioso en exceso se se ten en conta a capacidade organizativa, económica e a dimensión poboacional do municipio de Rodeiro. Tanto pola información extraída a través da avaliación realizada como en opinión das persoas consultadas implicadas no desenvolvemento do plan, o programa de actuacións era moi amplo, con actuacións cun alto grao de especificidade e concreción.
- Precisábase, pois, deseñar e dispoñer dun instrumento de traballo máis operativo, adaptado á realidade de Rodeiro, que teña en conta as posibilidades reais de execución das medidas e que plasme actuacións factibles e cun menor grao de especificidade ou detalle.
- Doutra banda, comprobouse que aínda queda camiño por percorrer para unha maior implicación do conxunto da cidadanía -e non só das asociacións de mulleres-, así como do conxunto da institución municipal e outros axentes sociais. Con todo, a implicación ou participación cidadá en accións de sensibilización e concienciación foi en aumento e se valorou tamén moi positivamente que esta participación non estivese circunscrita ao núcleo de Rodeiro, senón tamén ás súas parroquias.

2ª.- FASE DIAGNÓSTICA.

Esta segunda fase consistiu na realización dun diagnóstico de situación cuantitativo e cualitativo. Dunha banda, realizouse unha análise estatística dos principais datos sociodemográficos do municipio dispoñibles en distintas fontes de acceso público (IGE, SEPE etc.), así como doutros datos facilitados pola propia institución municipal.

Desde o punto de vista cualitativo, para obter unha fotografía máis fidedigna da realidade do municipio en clave de igualdade, desenvolveuse un proceso participativo e de consulta no que se solicitaba ás principais asociacións e entidades do pobo a súa colaboración, mediante a cobertura dun formulario especialmente deseñado para á identificación das necesidades e propostas de actuación en materia de igualdade de xénero no concello.

3ª.-FASE DE REDACCIÓN.

A partir dos resultados da avaliación do plan anterior e da diagnose realizada, decidíronse as prioridades e a estrutura matriz do presente plan, incluíndo os obxectivos xerais, as áreas estratéxicas e os obxectivos operativos. Consensuada a dita estrutura co departamento responsable, elaboráronse as distintas propostas de medidas para desenvolvelo.

4ª.- FASE DE CONSENSO E APROBACIÓN.

Unha vez elaborado e presentado un primeiro borrador do programa de medidas ao departamento de Igualdade, iníciase un proceso de consulta ao resto de departamentos municipais, co obxecto de que realicen as súas achegas e suxestións, de maneira que se poida obter un documento verdadeiramente transversal e consensuado entre as distintas áreas de goberno.

Valoradas e incorporadas, no seu caso, as achegas dos diferentes departamentos, redactouse o documento do III Plan para a Igualdade de Xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023 na súa versión final para a súa presentación ao Goberno Municipal e a súa aprobación polos grupos políticos da Corporación.

3. DIAGNOSE PREVIA: DESCRICIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN E OUTRA INFORMACIÓN MUNICIPAL


3.1 CARACTERIZACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN DE RODEIRO

Co obxectivo de contextualizar o presente plan e como diagnose da situación do concello, ofrécese a continuación unha descrición básica das características sociodemográficas da poboación do concello de Rodeiro, así como dunha serie de indicadores de carácter socioeconómico do municipio.

Segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes do ano 2018, en Rodeiro residen 2.509 persoas, das cales o 49,2 % son mulleres.

En canto á distribución territorial, constátase unha elevada dispersión poboacional, xa que o 84 % da poboación distribúese nas distintas parroquias do termo municipal, mentres que só un 16 % reside no núcleo de Rodeiro.

G.1 DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DA POBOACIÓN DE RODEIRO



Fonte: IGE: INE. Padrón municipal de habitantes. Explotación estatística e Nomenclátor. Ano 2018.

Concretamente, como mostra o cadro nº 1, en San Vicente de Rodeiro residen 399 persoas (208 homes e 191 mulleres), núcleo ao que seguen con maior número de poboación as seguintes parroquias: Santo Estevo de Carboentes (193), San Martiño de Asperelo (177), Santa María de Álceme (154) e Santa María de Guillar e Santa Mariña de Pescoso, ambas as dúas con 145 habitantes.

C.1 DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DA POBOACIÓN DE RODEIRO POR SEXO


DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DA POBOACIÓN DE RODEIRO POR SEXO			
PARROQUIA	TOTAL	MULLERES	HOMES
ÁLCEME (SANTA MARÍA)	154	75	79
ARNEGO (SANTIAGO)	125	62	63
SAN MARTIÑO DE ASPERELO (SAN MARTIÑO)	177	80	97
SAN CRISTOVO DO AZ (SAN CRISTOVO)	118	53	65
CAMBA (SAN XOÁN)	122	59	63
SAN SALVADOR DE CAMBA (SAN SALVADOR)	97	50	47
SANTA BAIA DE CAMBA (SANTA BAIA)	92	42	50
CARBOENTES (SANTO ESTEVO)	193	93	100
FAFIÁN (SANTIAGO)	68	31	37
GUILLAR (SANTA MARÍA)	145	66	79
NEGRELOS (SAN CIBRAO)	138	68	70
PEDROSO (SAN XIAO)	85	44	41
SANTA MARIÑA DE PESCOZO (SANTA MARIÑA)	145	82	63
A PORTELA (SAN CRISTOVO)	64	36	28
RÍO (SANTA MARÍA)	114	48	66
RIOBÓ (SAN MIGUEL)	40	25	15
RODEIRO (SAN VICENTE)	399	208	191
O SALTO (SANTO ESTEVO)	123	61	62
SAN PAIO DE SENRA (SAN PAIO)	28	13	15
VILELA (SANTA MARÍA)	82	39	43

Fonte: IGE: INE. Padrón municipal de habitantes. Explotación estatística e Nomenclátor. Ano 2018.

A estrutura de poboación do concello é a dunha pirámide invertida, o que dá conta do envellecemento poboacional que está a experimentar este municipio, na tónica doutros concellos rurais de Galicia. En canto á distribución por sexo e idade

compróbase que na maior parte dos tramos etarios son maioría os homes, con algunha excepción como entre os 75 e os 79 anos e sobre todo, a partir dos 85 anos, cando a proporción de mulleres ascende ata o 60,7 %, e que evidencia a maior lonxevidade feminina, en liña coas tendencias do conxunto de Galicia e España.


G.2 ESTRUCTURA DE POBOACIÓN DO CONCELLO DE RODEIRO



Fonte: IGE. Padrón Municipal de Habitantes (INE). 2018.

A poboación de orixe estranxeira do concello é mínima (1 %). Segundo datos do último Padrón Municipal de Habitantes, só 25 persoas son de nacionalidade estranxeira, 10 delas mulleres. Tense constancia, non obstante, segundo información municipal, que en 2019 o número de persoas residentes de procedencia estranxeira foi en aumento.


G3. POBOACIÓN DE RODEIRO POR NACIONALIDADE E SEXO



Fonte: IGE. Padrón Municipal de Habitantes (INE). 2018.

O municipio de Rodeiro experimenta unha constante perda de poboación nos últimos anos. Así, na última década pasou de contar con 3.194 habitantes a ter segundo o último Padrón de 2018, 2.509 residentes.

G4. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NO CONCELLO DE RODEIRO. ANOS 2008-2018



Fonte: IGE. Censos de poboación e Padrón Municipal de Habitantes (INE).

Unha análise máis detallada da composición da súa poboación a partir doutros indicadores demográficos recollidos no cadro nº 2 mostra as seguintes tendencias:

- O comentado envellecemento poboacional deste municipio reflíctese, en primeiro lugar, na media de idade da súa poboación: 54,69 anos, fronte aos 47 anos de media que presenta o conxunto da comunidade autónoma. As mulleres de Rodeiro son algo maiores por termo medio, en consonancia coa lonxevidade comentada, cunha media de 55,13 anos, fronte aos 54,27 dos homes.
- Só un 8,32 % da poboación do concello ten menos de 20 anos (15,92 % en Galicia), fronte a un 38,36 % de persoas que superan os 64 anos.
- Algo máis da metade da poboación ten entre 20 e 64 anos (53,32 %), sen diferenzas salientables segundo o sexo neste grupo de idade.
- Como resultado da desproporción entre poboación maior e poboación nova, o concello de Rodeiro presenta un elevadísimo índice de envellecemento: por cada 100 menores de 20 anos hai 461,21 persoas de 65 ou máis anos, proporción que entre as mulleres ascende ata o 515,01 %. En Galicia este índice global sitúase no 156,37 %.

C.2 INDICADORES DE POBOACIÓN¹ SEGUNDO O SEXO E EN TOTAL. RODEIRO E GALICIA.

INDICADORES DE POBOACIÓN	TOTALS		MULLERES		HOMES	
	RODEIRO	GALICIA	RODEIRO	GALICIA	RODEIRO	GALICIA
Densidade de poboación	21,4	91,4	10,6	47,3	10,8	44,1
Idade media no 1 de xaneiro	54,69	47,0	55,13	48,54	54,27	45,36
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	8,32	15,92	7,63	14,87	8,99	17,04
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	53,32	59,19	53,05	57,57	53,59	60,92
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	38,36	24,89	39,32	27,56	37,43	22,04
Índice de envellecemento	461,21	156,37	515,01	185,31	416,37	129,32
Índice de sobreenvellecemento	24,79	18,08	26,67	21	22,86	14,17
Índice de dependencia global	78,79	58,38	81,6	63,23	76,11	53,5
Índice de dependencia xuvenil	10,2	18,93	10,2	18,24	10,2	19,67
Índice de dependencia senil	68,59	39,42	71,4	44,98	65,91	33,82

¹ Índice de envellecemento: indica a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en porcentaxe, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos.

Índice de sobreenvellecemento: é a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos.

Índice de dependencia global: a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Índice de dependencia xuvenil: indica a relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Índice de dependencia senil: é a relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Índice de estrutura da poboación en idade activa: indica a relación entre a poboación entre 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos.

Índice de recambio da poboación en idade activa: a relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos. Mide a capacidade dunha poboación para substituír as persoas que van xubilando.

Índice de masculinidade: é o número de homes por cada 100 mulleres nun determinado grupo de individuos.

(Continuación C.2 INDICADORES DE POBOACIÓN SEGUNDO O SEXO E EN TOTAL. RODEIRO E GALICIA.)

INDICADORES DE POBOACIÓN	TOTALS		MULLERES		HOMES	
	RODEIRO	GALICIA	RODEIRO	GALICIA	RODEIRO	GALICIA
Índice de estrutura da poboación en idade activa	145,39	145,76	135,73	149,95	155,34	141,69
Índice de recambio da poboación en idade activa	264,19	164,63	316,88	175,85	231,88	154,12
Índice de masculinidade	101,92	93,39	-	-	-	-

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. 2018.

En canto a outros indicadores demográficos, neste caso de fecundidade, compróbase que a taxa de natalidade é tan só de 3,29 nacementos por cada 1.000 habitantes (a taxa no conxunto autonómico sitúase nos 6,8).

O número medio de fillos ou fillas por muller, tamén coñecido por índice sintético de fecundidade non chega nin a 1, concretamente é de 0,6.

Con respecto a outras tendencias, hai que indicar que as mulleres de Rodeiro teñen o seu primeiro fillo ou filla en torno aos 34 anos, situándose a media global á maternidade en 34,13. En termos de estado civil, en máis da metade dos casos as fillas e fillos téñense á marxe da institución do matrimonio (54,55 %).

C.3 e C.4 INDICADORES DE FECUNDIDADE². CONCELLO DE RODEIRO

Taxa bruta de natalidade	Taxa xeral de fecundidade	Idade media á maternidade	Idade media da nai ao nacemento do primeiro fillo
3,29	18,34	34,13	34,02

² Taxa bruta de natalidade: número de nacementos por cada 1.000 habitantes.

Taxa xeral de fecundidade: número de nacementos por cada mil mulleres en idade fértil (de 15 a 49 anos).

Relación de masculinidade ao nacemento: cociente entre o número de nenos e o de nenas nados durante un ano.

Taxa bruta de reprodución: número medio de fillas que tería unha muller en ausencia de mortalidade ao longo da súa vida.

Índice sintético de fecundidade: número medio de fillo/as por muller.

Índice sintético de fecundidade	Porcentaxe de nacementos de nai non casada	Relación de masculinidade ao nacemento	Taxa bruta de reprodución
0,6	54,55	-	0,33

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. 2018.

En canto ao movemento natural de poboación, no conxunto da comarca do Deza rexistráronse en 2018 un total de 226 nacementos, dos cales 6 son de residentes en Rodeiro. As defuncións no concello foron moi superiores (66, dun total de 583 en toda a comarca), de maneira que o saldo vexetativo é de signo negativo, tanto no concello (-60), como na comarca (-357). Por outro lado, nese ano rexistráronse tamén 4 unións matrimoniais.


C.5 NACEMENTOS, DEFUNCIÓNS, MATRIMONIOS E CRECEMENTO VEXETATIVO. CONCELLOS DA COMARCA DO DEZA.

CONCELLOS	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	SALDO VEXETATIVO	MATRIMONIOS
Comarca do Deza	226	583	-357	106
Agolada	6	62	-56	3
Dozón	1	15	-14	1
Lalín	127	251	-124	47
Rodeiro	6	66	-60	4
Silleda	53	112	-59	34
Vila de Cruces	33	77	-44	17

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. 2018.

Desde o punto de vista dos movementos migratorios -poboación que chega ao concello e poboación que o abandona- nos últimos dez anos producíronse fluctuacións nos dous sentidos: tanto a chegada de novas persoas residentes como o fluxo de saídas oscila á alza e á baixa ao longo destes anos. En todo caso, a tendencia xeral é que en todos os anos, sobre todo a partir de 2010, o número de baixas supere ao de novas persoas habitantes.

G.5 EVOLUCIÓN DA EMIGRACIÓN E INMIGRACIÓN NO CONCELLO DE RODEIRO. ANOS 2008-2018



Fonte: Elaboración do IGE a partir dos ficheiros facilitados polo INE. Estatística de Variacións Residenciais. 2018.

Tanto as saídas de poboación como a chegada de novas persoas residentes prodúcense principalmente no ámbito da comunidade autónoma, é dicir, as novas persoas habitantes proceden doutros concellos galegos e as que deixan de vivir en Rodeiro fano para residir noutro municipio de Galicia. Son minoritarios, polo tanto, os movementos migratorios a outras comunidades autónomas ou ao estranxeiro. En todos os casos, o número de homes é superior ao de mulleres.

C.6.a e C6.b. INMIGRACIÓNS E EMIGRACIÓNS NO CONCELLO DE RODEIRO POR TIPOLOXÍA E SEXO

INMIGRACIÓNS				
SEXO	Total	Inmigración interna	Doutra CCAA	Do estranxeiro
Mulleres	24	16	1	7
Homes	34	21	5	8
Totais	58	37	6	15

EMIGRACIÓNS				
SEXO	Total	Emigración interna	A outra CCAA	Ao estranxeiro
Mulleres	35	31	3	1
Homes	41	31	10	0
Totais	76	62	13	1

Fonte: INE. Estatística de variacións residenciais. 2018.

Polo que atinxe ás proxección de poboación a curto prazo, neste caso para o conxunto da comarca do Deza, posto que non se dispón de indicadores no nivel municipal, a perda de continxentes poboacionais vai continuar, cun saldo vexetativo de signo negativo (-327 persoas) que non é quen de compensar a migración, con 124 persoas máis empadroadas nos concellos da comarca.

C.7 PROXECCIÓNS DE POBOACIÓN A CURTO PRAZO. VARIABLES DEMOGRÁFICAS PROXECTADAS. COMARCA DO DEZA

ANO 2030	TOTAL	MULLERES	HOMES
Nacementos proxectados	219	106	113
Taxa bruta de natalidade	5,5	-	-
Defuncións proxectadas	546	266	280
Taxa bruta de mortalidade	13,8	13,4	14,3
Saldo vexetativo	-327	-160	-167
Saldo migratorio	124	58	66

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo.

En canto aos indicadores de envellecemento proxectados para a comarca, as cifras seguen a ser altas, aínda máis entre as mulleres: tanto o índice de envellecemento como o de sobreenvellecemento son elevados e máis altos na poboación feminina, así como tamén o índice de dependencia global (que mide a proporción de persoas dependentes -menores de 15 anos e maiores de 64- sobre a poboación potencialmente activa).

Estes indicadores deben levar á planificación a curto e medio prazo de políticas e recursos dirixidos ás persoas maiores, sector de poboación en aumento, á luz de todos os datos comentados.


C.8 PROXECCÍONS DE POBOACIÓN A CURTO PRAZO. INDICADORES DE ENVELLECIMENTO PROXECTADOS. COMARCA DO DEZA

ANO 2030	TOTAL	MULLERES	HOMES
Índice de envellecemento	250,8	278,6	224,8
Índice de sobreenvellecemento	21,4	23,8	18,5
Índice de dependencia global	73	78,8	67,6

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo.

Pasando xa a analizar datos de carácter socioeconómico, compróbase en primeiro lugar que os últimos datos dispoñibles (setembro de 2019) indican que en Rodeiro un total de 956 persoas están afiliadas á Seguridade Social. Delas o 53,8 % son homes e o 46,2 % mulleres, o que dá conta da menor presenza feminina no mundo do traballo remunerado.

G.6 AFILIACÍONS Á SEGURIDADE SOCIAL NO CONCELLO DE RODEIRO A SETEMBRO DE 2019, POR SEXO




Fonte: IGE: Información subministrada directamente polo Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social.

O gráfico nº 7 mostra que a maioría dos contratos rexistrados ao longo do ano 2018 foron a tempo completo, en concreto o 61,7 %. Pero se se fai unha análise de xénero vense diferenzas salientables:

- En primeiro lugar, entre as mulleres o 53,6 % traballa a tempo parcial, fronte ao 43,6 % que o fai a tempo completo.
- En segundo termo, a contratación a tempo parcial afecta principalmente ás mulleres, no sentido de que se se fai a análise por sexo deste tipo de contratos compróbase que o 67,7 % das persoas contratadas nesta modalidade nese ano foron mulleres.


G.7 CONTRATOS REXISTRADOS NO CONCELLO DE RODEIRO POR TIPO DE XORNADA E SEXO. ANO 2018



Fonte: IGE. Información facilitada directamente pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Doutra banda, dos 567 contratos realizados no ano 2018 en Rodeiro, a maioría corresponden ao sector servizos (67,5 %). Séguenlle a continuación a industria (18,7 %) e o sector primario (11,3 %). Na construción só se empregou un 2,5 %.


G8. CONTRATOS REXISTRADOS NO CONCELLO DE RODEIRO POR SECTOR DE ACTIVIDADE. ANO 2018



Fonte: IGE. Información facilitada directamente pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En canto ao desemprego no concello, os datos máis recentes de paro rexistrado indican que no mes de novembro de 2019 estaban inscritas nas oficinas de Emprego un total de 60 persoas, das cales 25 son mulleres (41,7 %). O sector servizos é o sector no que se empregaban maioritariamente estas persoas, seguido da industria.


G.10 PARO REXISTRADO NO CONCELLO DE RODEIRO SEGUNDO O SECTOR DA ACTIVIDADE POR SEXO. NOVEMBRO DE 2019



Fonte: IGE. Información facilitada directamente pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A meirande parte das persoas en situación de desemprego en Rodeiro son maiores de 40 anos, e entre os homes a maioría dos parados teñen 50 ou máis anos de idade.

G.9 PARO REXISTRADO NO CONCELLO DE RODEIRO SEGUNDO OS GRUPOS QUINQUENAIS DE IDADE POR SEXO. NOVEMBRO DE 2019



Fonte: IGE. Información facilitada directamente pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En canto á percepción de rendas de integración social, os datos máis recentes dispoñibles (2018) indican que ningunha persoa do municipio é perceptora da Renda de Inclusión Social de Galicia (Risga). Hai que retrotraerse ata o ano 2016, cando se rexistraron as últimas concesións destas axudas a residentes de Rodeiro (concretamente a 2 persoas³).

Tampouco se perciben Axudas de Inclusión Social no último ano de referencia (AIS), en concreto desde o 2013 non volveron concederse, ano no que había unha persoa perceptora.

³ Non se identifica o sexo da persoa perceptora a efectos de privacidade, por ser un número moi reducido de persoas beneficiarias.

3.2 OUTROS DATOS DE INTERESE SOBRE SERVIZOS MUNICIPAIS

32.1 Persoal do Concello

A táboa que se mostra a seguir reflicte os datos do cadro de persoal do Concello de Rodeiro: o seu persoal funcionario e o laboral (fixo ou con contrato indefinido). Non recolle datos de persoal eventual.

En total traballan no Concello indefinidamente 31 persoas, das cales o 58,1 % son mulleres.

A distribución segundo áreas ou departamentos evidencia que esta feminización do cadro de persoal presenta tamén un segregación de xénero, de tal maneira que as mulleres concéntranse nos servizos relacionados co coidado de persoas: o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), onde traballan 12 mulleres e ningún home, e no PAI, onde con carácter permanente traballan 2 mulleres e ningún home.

O persoal masculino non presenta unha concentración por áreas tan acusada, se ben son homes os tres funcionarios do departamento de Administración (100 %) e 4 entre o persoal operario de servizos diversos -persoal de limpeza e peóns de mantemento e persoal de recollida de lixo-, fronte a 1 muller.

C. CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE RODEIRO POR SEXO E EN TOTAL. ANO 2019.⁴

DEPARTAMENTOS	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Secretaría-Intervención (persoal funcionario)	0	0,0	1	3,2	1	3,2
Administración (persoal funcionario)	0	0,0	3	9,7	3	9,7
Persoal operario de servizos diversos	1	3,2	4	12,9	5	16,1
Servizos Sociais	1	3,2	0	0,0	1	3,2
Emprego	0	0,0	1	3,2	1	3,2
Educación Familiar	1	3,2	0	0,0	1	3,2
SAF	12	38,7	0	0,0	12	38,7
Urbanismo	0	0,0	1	3,2	1	3,2
PAI	2	6,5	0	0,0	2	6,5
Informática	0	0,0	1	3,2	1	3,2
Medio ambiente	1	3,2	0	0,0	1	3,2
Monitorado deportivo	0	0,0	1	3,2	1	3,2
Encargado/a centro cultural	0	0,0	1	3,2	1	3,2
TOTAL	18	58,1	13	41,9	31	100,0

Fonte: Concello de Rodeiro.

3.2.2 Servizos de conciliación municipais

O Concello de Rodeiro ten en marcha distintos servizos que axudan ás familias con nenos e nenos a compatibilizar o traballo coas responsabilidades familiares.

En 2019 utilizaron o servizo de conciliación ofrecido durante o curso escolar “Tardes activas” un total de 39 menores, 2 menos que no ano anterior. En total, a participación

⁴ A táboa recolle os datos das persoas funcionarias e laborais, tanto fixos/as coma indefinido/as. Non recolle datos das persoas eventuais con contratos temporais por subvencións. Por exemplo en Servizos Sociais hai gran parte do ano outra traballadora social, así como no PAI hai outra mestra. Ademais no Servizos Xerais pode haber en determinadas épocas do ano outras 8 ou 10 persoas contratadas a través de subvencións. Non hai persoal de empresas concesionarias.

En “Persoal operario de servizos diversos” está incluído o persoal de limpeza e peóns/as de mantemento e persoal de recollida de lixo.

En Administración inclúese persoal subalterno, persoal administrativo e secretario/a do Xulgado de Paz.

de nenos supera a de nenas (acorde coa distribución por sexo nestes grupos de idade no concello).

C. POBOACIÓN USUARIA DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN "TARDES ACTIVAS" POR SEXO E EN TOTAL. ANOS 2018 E 2019.

SERVIZO "TARDES ACTIVAS"	NENAS		NENOS		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Ano 2018	14	17,5	27	33,8	41	51,2
Ano 2019	17	21,3	22	27,4	39	48,8
TOTAL	31	38,8	49	61,2	80	100,0

Fonte: Concello de Rodeiro.

Tamén é maior a participación de nenos no Punto de Atención á Infancia (PAI), que durante os últimos dous anos representan o 55,7 % dos e das menores atendidos. A matrícula descendeu neste último curso, posto que en 2019 había en total 29 menores, fronte ás 32 nenas e nenos atendidos en 2018.

C. POBOACIÓN USUARIA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) POR SEXO E EN TOTAL. ANOS 2018 E 2019.

PAI	NENAS		NENOS		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Ano 2018	13	21,3	19	31,1	32	52,5
Ano 2019	14	23,0	15	24,6	29	47,5
TOTAL	27	44,3	34	55,7	61	100,0

Fonte: Concello de Rodeiro.

En canto á oferta de campamentos vacacionais, outro importante recurso non só lúdico-educativo, senón favorecedor da conciliación das familias vese, pola contra, un incremento notable na participación en 2019 no campamento de verán con respecto ao ano anterior: 42 menores fronte a 28. A diferenza de nenos e nenas participantes é aínda máis acusada neste servizo: agregadamente nos últimos dous anos 3 de cada 4 participantes eran rapaces (74,3 %).

No campamento de Nadal de 2018 participaron 20 rapaces e rapazas, o 60 % nenos.

C. POBOACIÓN PARTICIPANTE NO CAMPAMENTO DE VERÁN POR SEXO E EN TOTAL.

CAMPAMENTOS DE VERÁN	NENAS		NENOS		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Año 2018	7	10,0	21	30,0	28	40,0
Año 2019	11	15,7	31	44,3	42	60,0
TOTAL	18	25,7	52	74,3	70	100,0

Fonte: Concello de Rodeiro.

C. POBOACIÓN PARTICIPANTE NO CAMPAMENTO DE NADAL POR SEXO E EN TOTAL.

CAMPAMENTOS DE NADAL	NENAS		NENOS		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Año 2018	8	40,0	12	60,0	20	100,0

Fonte: Concello de Rodeiro.

3.2.3 Datos sobre violencia de xénero

En 2018 os servizos sociais municipais atenderon a 3 mulleres vítimas de violencia de xénero e a 4 menores ao seu cargo (3 nenas e 1 neno).

C. MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E MENORES AO CARGO ATENDIDOS/AS NO SERVIZO DE EDUCACIÓN FAMILIAR E NOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS

PERÍODO	MULLERES	NENAS	NENOS
Año 2018	3	3	1

Fonte: Concello de Rodeiro.

Por outra parte, no período 2017 e 2018 o Centro de Información ás Mulleres de Lalín contabilizou 10 consultas realizadas por mulleres do municipio de Rodeiro.

C. CONSULTAS REALIZADAS POR MULLERES DO MUNICIPIO DE RODEIRO NO CIM DE
LALÍN.

PERÍODO	Nº DE CONSULTAS
2017/2018	10

Fonte: CIM do Concello de Lalín.

3.3 NECESIDADES E DEMANDAS RELACIONADAS COA IGUALDADE DE XÉNERO NOS DISTINTOS ÁMBITOS

Como parte desta diagnose previa á elaboración do plan levouse a cabo un proceso de consulta a entidades e asociacións do pobo para á identificación das principais desigualdades entre mulleres e homes en ámbitos diversos, e a recollida de propostas de actuación para reducir ou erradicar os ditos desequilibrios.

A seguir condénsase o máis relevante da información achegada polas entidades consultadas:

- En canto á oferta de recursos que faciliten a conciliación demándase o reforzamento dos servizos de conciliación municipal, a harmonización horaria dos centros educativos (CPI e PAI) e a creación dun centro de día.
- No ámbito da saúde e do benestar as demandas realizadas exceden as competencias municipais, posto que se solicita máis persoal especializado no centro de saúde, en concreto consultas de profesionais da xinecoloxía e pediatría varias veces ao mes.
- A información pode mellorarse: chegar a máis persoas, tendo en conta que non todas as mulleres e nin todos os homes manexan as novas tecnoloxías; neste sentido solicítase reforzar a cartelería. Demándase tamén mellorar o acceso á información a través de wifi en todos os centros municipais.
- No que respecta á educación para a igualdade deben seguir realizándose actividades coeducativas e de educación en valores a través de formatos como documentais, cine, teatro etc.
- En canto á formación, vese necesario aumentar a oferta formativa para persoas adultas (idiomas e novas tecnoloxías, por exemplo).

- En materia de emprego demándase unha maior concienciación empresarial para a contratación feminina e unha maior presenza e visibilidade das mulleres no sector agrario: elas non son aínda, en moitos casos, cotitulares das explotacións agrarias e a penas participan nas organizacións vencelladas a este sector.
- Realizar accións (talleres, actividades...) que fomenten a corresponsabilidade de mulleres e homes nas tarefas de coidado de menores (paternidade responsable) e nas tarefas domésticas.
- En canto á participación, detéctase unha menor participación feminina tamén nas idades máis novas. Ademais, pídese reforzar os procesos participativos por parte do Concello, mediante a realización de accións informativas e de consulta con asociacións locais para a recollida de propostas en torno a temas de interese cidadán.
- En materia de mobilidade demándase unha mellora do transporte nas parroquias rurais, posto que moitas mulleres maiores non dispoñen de carné de conducir ou vehículo.
- Máis oferta de vivenda e mellora da accesibilidade foron outras demandas recadadas en materia de urbanismo.
- Con relación á atención de persoas en situación de vulnerabilidade propónse a creación dun banco de alimentos.
- En canto á violencia de xénero deben seguir organizándose accións de concienciación cidadá e achegar máis información ás zonas máis rurais.

4. MARCO NORMATIVO

A igualdade entre mulleres e homes está recoñecida en numerosos textos legais de ámbito internacional, estatal e autonómico. Condénsanse nas seguintes liñas os principais desenvolvementos normativos a través dos que se aborda a igualdade de xénero e no que se enmarca o presente plan; desde o ámbito internacional, pasando polo contexto europeo ata o estatal, autonómico e local.

ÁMBITO INTERNACIONAL

- Carta das Nacións Unidas de 1945.
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948.
- Convención sobre os dereitos políticos das mulleres de 1952.
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller de 1967.
- Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller de 1979 (CEDAW), con entrada en vigor en 1981.
- Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller de 1993.
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing no ano 1995.
- Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos de 1997.
- Documento final do Cumio Mundial 2005.

ÁMBITO EUROPEO

- Tratado de Roma, constitutivo da Comunidade Económica Europea, de 1957.
- Tratado de Ámsterdam, con entrada en vigor en 1999.
- Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea. (DOCE C 364/1 DE 18.12.2000).
- Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia 2002.

- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo.
- Regulamento 806/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao fomento da igualdade entre as mulleres e os homes na Cooperación o Desenvolvemento 2004.
- Directiva do Consello 2004/113/CE do 13 de decembro, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso de bens e servizos e o seu subministro.
- Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, do 22 de febreiro de 2006, sobre a igualdade entre mulleres e homes, 2005.
- Directiva 2006-54-CE sobre igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres. 2006.
- Folla de Ruta da Unión para o 2006-2010, no ámbito do emprego e política social.
- Programas de acción comunitaria, Daphne I (2000-2003) e Daphne II (2004-2008).
- Directiva 2011/99, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro, sobre a orde europea de protección (que foi obxecto de transposición no ordenamento xurídico estatal mediante a adopción da Lei 23/2014, do 20 de novembro, de recoñecemento mutuo de resolucións penais na Unión Europea).
- Segundo Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero 2011-2020.
- Estratexia europea para a Equidade de xénero 2016-2019.
- No marco dos países integrantes do Consello de Europa: Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra violencia contra as mulleres e a violencia doméstica. Istanbul, 11 de maio do 2011, ratificado por España en 2014.

ÁMBITO ESTATAL

- Constitución Española de 1978.
- Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
- Real Decreto 1686/2000, de 6 de outubro, polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.
- Real decreto 1251/2001, do 16 de novembro, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema e Seguridade Social por maternidade e risco durante o embarazo. (BOE 17/ 11/ 2001).
- Lei 27/2003, do 31 de marzo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica.
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Real Decreto 355/2004 polo que se crea un Rexistro Central para a protección das vítimas da violencia doméstica. Modificado polo Real Decreto 660/2007 de 25 de maio.
- Real Decreto 237/2005, de 4 de marzo, polo que se establecen o rango e as funcións da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, prevista na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Real Decreto 1452/2005, de 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a Violencia de Xénero.

- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Esta norma recolle que "as entidades locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias".
- Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
- Lei Orgánica 11/2015, de 21 de setembro, para reforzar a protección das menores e mulleres con capacidade modificada xudicialmente na interrupción voluntaria do embarazo.

ÁMBITO AUTONÓMICO

- Estatuto da Autonomía de Galicia, 1981.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.
- Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 12/2016 de 22 de xullo, a través da cal se modifican os artigos 3 e 39, mais a disposición adicional cuarta, engadindo outras disposicións a maiores da Lei

11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia.

- Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.
- Real Decreto lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

ÁMBITO LOCAL

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (Inclúe, desde 2018, o recoñecemento como competencia propia dos municipios no artigo 25.2 letra o) "Actuacións na promoción da igualdade entre mulleres e homes así como contra a violencia de xénero.")
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

5. PRINCIPIOS INSPIRADORES, FINALIDADE E VIXENCIA

Expóñense a seguir os principios que inspiraron a elaboración do III Plan para a Igualdade de Xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023 e que rexerán na súa execución. Estes principios definíronse a partir dos avances producidos, da experiencia acumulada no desenvolvemento de anteriores plans e das metas establecidas para o futuro:

1. TRANSVERSALIDADE E INCORPORACIÓN DO ENFOQUE DE XÉNERO EN TODAS AS ACTUACIÓNS.

Segundo estes principios a igualdade entre mulleres e homes debe incorporarse a todas as políticas públicas e procedementos impulsados desde a Administración municipal, como xeito de actuar contra as desigualdades e desequilibrios que aínda persisten nos distintos ámbitos.

A aplicación da transversalidade require introducir cambios no modelo de xestión municipal, tanto nas súas estruturas como nas súas "formas de facer". Isto significa que a perspectiva de xénero debe introducirse en todas as fases da acción do Goberno local, desde o deseño e a planificación, ata a execución das distintas actuacións.

2. CORRESPONSABILIDADE SOCIAL.

Axentes sociais e cidadanía en xeral deben implicarse no desenvolvemento do plan. A corresponsabilidade social debe concibirse como estratexia transversal para impulsar cambios nos valores da sociedade que permitan construír unha sociedade máis xusta e equitativa para mulleres e homes. Este concepto vai máis alá da necesaria conciliación da vida laboral, persoal e familiar e impregna todas as esferas da vida, incluídos os espazos de participación e decisión etc., o que fai que tanto institucións públicas como sociedade civil e axentes económicos teñan que tomar conciencia e implicarse.

3. INTERSECCIONALIDADE.

A poboación feminina non pode ser considerada como un colectivo homoxéneo, de aí que o recoñecemento da súa diversidade debe impregnar o conxunto de accións deste plan. A interseccionalidade significa que se teña en conta a diversidade e

pluralidade das mulleres de todo o municipio: ben en razón da súa idade, da orixe cultural, do seu nivel de formación, orientación sexual, posible discapacidade, lingua vehicular ou ruralidade etc.

A consideración destes factores é necesaria como punto de partida para a análise de necesidades pero tamén para unha mellor planificación das accións a desenvolver.

4. PARTICIPACIÓN E RECOÑECIMENTO DAS MULLERES.

Con este plan quérese impulsar unha maior participación das mulleres en todos os eidos, ao tempo que se poñen en valor e se visibilizan todas as súas contribucións á sociedade.

A necesaria igualdade entre mulleres e homes precisa do fortalecemento do exercicio activo dos dereitos das mulleres, a través do seu empoderamento individual e colectivo que lles permita acceder ás esferas de decisión nos distintos ámbitos.

5. COLABORACIÓN E COORDINACIÓN INSTITUCIONAL.

Este III Plan de Igualdade de Xénero fai fincapé na necesaria implicación e colaboración das distintas áreas e servizos municipais para o seu correcto desenvolvemento. Os distintos departamentos do Concello teñen a responsabilidade de levar a cabo as actuacións que neste plan lles son encomendadas, pero para iso precísase en moitos casos dunha coordinación e cooperación interdepartamental.

Non pode esquecerse tampouco que moitas áreas de actuación esixen tamén da necesaria colaboración con outras administracións; para compartir información e levar a cabo procedementos de traballo conxuntos e coordinados que redundarán no adecuado desenvolvemento das políticas de igualdade.

FINALIDADE DO PLAN

O III Plan para a Igualdade de Xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023 ten por finalidade seguir avanzando na eliminación dos desequilibrios de xénero que impiden a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Desde a institución municipal impulsaranse cambios nos xeitos de facer da Administración para construír un novo modelo social baseado nunhas relacións igualitarias entre mulleres e homes, de corresponsabilidade, respecto e colaboración en igualdade.

VIXENCIA

Este III Plan terá unha vixencia de execución de catro anos, executándose ao longo do período 2020-2023.

6. ESTRUTURA DO PLAN

O III Plan para a Igualdade de Xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023 deseñouse a partir da configuración da seguinte estrutura, conformada por tres elementos, cuxo esquema e definición se sinalan a continuación.




Ilustración 1: esquema dos elementos estruturais do III Plan.

- As áreas estratéxicas representan os ámbitos de prioritaria intervención para avanzar na consecución da igualdade entre mulleres e homes nos vindeiros anos. Asociado a cada unha das áreas, o obxectivo estratéxico define a meta ou obxectivo xeral pretendido e, polo tanto, coincide coa estratexia de acción global e estrutural que se busca impulsar.
- Os obxectivos operativos constitúen as metas concretas que permitirán a consecución do obxectivo estratéxico de cada unha das áreas.
- No último nivel sitúanse as medidas ou propostas concretas de actuación para operativizar cadanseu obxectivo operativo.

As áreas estratéxicas do plan son as seguintes:




Ilustración 2: cadro resumo das áreas estratéxicas do plan.

O seguinte cadro condensa as áreas estratéxicas con seus respectivos obxectivos estratéxicos e operativos:

C.9 ÁREAS ESTRATÉXICAS, OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E OBXECTIVOS OPERATIVOS DO PLAN

ÁREA ESTRATÉXICA 1: IMPULSANDO A IGUALDADE DESDE A INSTITUCIÓN	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Liderar desde a institución municipal os avances na igualdade entre mulleres e homes, fortalecendo o enfoque de xénero no conxunto da acción administrativa e nas políticas públicas locais.	<p>1.1 Consolidar unha comunicación municipal inclusiva e con enfoque de xénero.</p> <p>1.2 Reforzar o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes na organización municipal e incorporar a perspectiva de xénero a todos os procesos de traballo.</p>

ÁREA ESTRATÉXICA 2: REFORZANDO O CAMBIO DE MODELOS E VALORES PARA A IGUALDADE**OBXECTIVO ESTRATÉXICO**

Continuar co labor de concienciación do conxunto da cidadanía para procurar un novo modelo de sociedade favorable á igualdade, libre de estereotipos de xénero e equitativo no uso dos tempos por parte de mulleres e homes.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

2.1 Fortalecer as accións coeducativas dirixidas á erradicación dos roles e estereotipos de xénero e a unha educación en igualdade.
2.2 Proseguir co labor de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a igualdade, a corresponsabilidade e unha mellor xestión dos tempos.

ÁREA ESTRATÉXICA 3: PROMOVEDO A EMPREGABILIDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE**OBXECTIVO ESTRATÉXICO**

Fomentar a empregabilidade das mulleres a través de distintas actuacións que faciliten a súa incorporación e permanencia no mundo laboral en condicións de igualdade, ao tempo que se impulsa a responsabilidade social das empresas e se reforzan os recursos que permiten conciliar a esfera laboral coa persoal e familiar.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

3.1 Promover o acceso e a permanencia das mulleres no mercado laboral e apoiar distintas fórmulas de participación na actividade económica.
3.2 Potenciar a responsabilidade social empresarial e o reforzamento dos recursos municipais que permiten a conciliación.

ÁREA ESTRATÉXICA 4: MELLORANDO A CALIDADE DE VIDA E O BENESTAR**OBXECTIVO ESTRATÉXICO**

Favorecer o benestar das mulleres desde unha óptica integral que atenda á súa diversidade, fomentando estilos de vida saudables e contribuíndo á calidade de vida mediante intervencións que procuren contornas máis seguras e sustentables, así como unha planificación de servizos e infraestruturas con perspectiva de xénero.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

4.1 Mellorar a saúde das mulleres a través de accións de autocoidado que contribúan ao seu benestar físico e psicosocial mediante unha organización descentralizada no municipio.
4.2 Incorporar a perspectiva de xénero ás intervencións urbanísticas e de infraestruturas para a conformación de espazos máis seguros, sustentables e adaptados á diversidade de todas as persoas.

ÁREA ESTRATÉXICA 5: FAVORECENDO O EMPODERAMENTO E A CIDADANÍA ACTIVA**OBXECTIVO ESTRATÉXICO**

Promover unha cidadanía activa entre as mulleres, impulsando a súa participación nas distintas esferas en condicións de igualdade, favorecer o seu empoderamento e visibilizar as súas contribucións.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

5.1 Contribuír ao empoderamento individual e impulsar a participación activa das mulleres nos distintos ámbitos.

5.2 Fomentar a presenza e participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas estruturas de participación, ao tempo que se visibilizan as contribucións das mulleres en todos os eidos.

ÁREA ESTRATÉXICA 6: COMBATENDO A VIOLENCIA DE XÉNERO**OBXECTIVO ESTRATÉXICO**

Proseguir co labor de sensibilización social, toma de conciencia e denuncia de todas as formas de violencia contra as mulleres e reforzar os mecanismos de prevención e apoio ás vítimas.

OBXECTIVOS OPERATIVOS

6.1 Sensibilizar o conxunto da sociedade sobre a violencia contra as mulleres para aumentar o seu rexeitamento e denuncia.

6.2 Facilitar o acceso aos distintos recursos de atención integral para todas as vítimas da violencia de xénero, á vez que se mellora a coordinación interinstitucional.

Finalmente, o seguinte cadro recolle o cómputo dos distintos elementos da estrutura matriz do plan: un total de seis áreas estratéxicas, 12 obxectivos operativos e 80 medidas:

C.10 ESTRUCTURA DO PLAN: CÓMPUTO DE OBXECTIVOS E MEDIDAS

ESTRUTURA DO III PLAN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO DO CONCELLO DE RODEIRO 2020-2023		
ÁREA ESTRATÉXICA 1: IMPULSANDO A IGUALDADE DESDE A INSTITUCIÓN		
1 OBXECTIVO ESTRATÉXICO	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	14 MEDIDAS
ÁREA ESTRATÉXICA 2: REFORZANDO O CAMBIO DE MODELOS E VALORES PARA A IGUALDADE		
1 OBXECTIVO ESTRATÉXICO	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	11 MEDIDAS
ÁREA ESTRATÉXICA 3: PROMOVEDO A EMPREGABILIDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE		
1 OBXECTIVO ESTRATÉXICO	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	15 MEDIDAS
ÁREA ESTRATÉXICA 4: MELLORANDO A CALIDADE DE VIDA E O BENESTAR		
1 OBXECTIVO ESTRATÉXICO	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	13 MEDIDAS
ÁREA ESTRATÉXICA 5: FAVORECENDO O EMPODERAMENTO E A CIDADANÍA ACTIVA		
1 OBXECTIVO ESTRATÉXICO	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	16 MEDIDAS
ÁREA ESTRATÉXICA 6: COMBATENDO A VIOLENCIA DE XÉNERO		
1 OBXECTIVO ESTRATÉXICO	2 OBXECTIVOS OPERATIVOS	11 MEDIDAS
TOTAL ÁREAS ESTRATÉXICAS		
6 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	12 OBXECTIVOS OPERATIVOS	80 MEDIDAS

7. PROGRAMA DE MEDIDAS

ÁREA ESTRATÉXICA 1: IMPULSANDO A IGUALDADE DESDE A INSTITUCIÓN

A través das distintas medidas recollidas nesta primeira área, o Concello de Rodeiro comprométese a liderar os avances que aínda deben producirse nas distintas esferas da vida para acadar unha igualdade real entre mulleres e homes.

Con este propósito, a Administración municipal vai seguir traballando para actuar de xeito exemplarizante, introducindo o principio de igualdade no conxunto da súa actividade.

En primeiro lugar, está previsto consolidar unha comunicación institucional con enfoque de xénero, a través de distintas medidas que velen pola utilización dunha linguaxe e imaxes non sexistas e inclusivas nos distintos documentos e materiais municipais e aproveitando ao máximo os recursos tecnolóxicos que ofrece a súa web.

O segundo obxectivo operativo é a expresión máis nida do compromiso deste Concello coa incorporación da perspectiva de xénero de maneira transversal a toda a súa actividade. Reforzarase o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes na institución a través de diferentes actuacións, como o impulso da composición equilibrada de mulleres e homes en órganos de decisión (tribunais, comisións etc.), ou a través de medidas que fomenten a conciliación corresponsable entre o persoal e a utilización destas por parte dos homes.

A incorporación do enfoque de xénero realizarase por distintas vías, entre outras, mediante a elaboración dos orzamentos ou a través da introdución de criterios de xénero en pregos de contratación ou en convocatorias de axudas públicas. Para isto, será esencial que todo o persoal municipal reciba formación en igualdade entre mulleres e homes e que o persoal técnico e político contén cos coñecementos axeitados para introducir esta perspectiva a toda a actividade municipal, desde a planificación da actuación ata a súa execución e avaliación.

Obxectivo estratéxico: liderar desde a institución municipal os avances na igualdade entre mulleres e homes, fortalecendo o enfoque de xénero no conxunto da acción administrativa e nas políticas públicas locais.

Obxectivo operativo 1.1 Consolidar unha comunicación municipal inclusiva e con enfoque de xénero.

Medida 1.1.1 Difusión do III Plan para a igualdade de xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023 entre o conxunto da cidadanía, axentes socioeconómicos do municipio e persoal técnico e político da institución.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos sociais

- Nº e tipo de actuacións realizadas (presentacións, cartas de comunicación, anuncios en prensa etc.)
- Nº de persoas destinatarias por sexo/Colectivos destinatarios

Medida 1.1.2 Revisión da páxina web do Concello para a incorporación da perspectiva de xénero á exposición e organización de todos os contidos, velando pola utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Informática e Servizos Sociais

- Realización da revisión
- Nº de contidos modificados/actualizados con perspectiva de xénero

Medida 1.1.3 Creación na web municipal dun espazo permanente e visible para a información sobre recursos, servizos e actualidade en materia de igualdade de xénero.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Informática e Servizos Sociais

- Creación do apartado web
- Nº de contidos incorporados/actualizados

Medida 1.1.4 Reforzo da utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas en todos os documentos administrativos, comunicacións internas e externas e materiais do Concello de Rodeiro.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Todos os departamentos	<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipo de actuacións de reforzo realizadas• Nº de documentos e materiais revisados

Obxectivo operativo 1.2 Reforzar o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes na organización municipal e incorporar a perspectiva de xénero a todos os procesos de traballo.

Medida 1.2.1 Establecemento dun sistema de recollida de información regular sobre necesidades de conciliación do persoal municipal.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Administración de persoal	<ul style="list-style-type: none">• Creación do sistema• Nº de comunicacións realizadas e recibidas

Medida 1.2.2 Impulso da adopción de medidas que faciliten a conciliación do persoal do Concello sempre que se garanta o normal funcionamento do servizo (flexibilización da xornada, xornada reducida, prioridade do persoal con fillos e fillas menores de 12 anos para o goce de vacacións en períodos vacacionais etc.) á vez que se promove a súa utilización polo persoal masculino.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Administración de persoal	<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipoloxía de accións impulsadas• Medidas adoptadas• Persoal beneficiario por sexo

Medida 1.2.3 Realización dun estudo sobre a situación do persoal municipal en materia de igualdade de xénero, con especial atención aos aspectos que inciden na fenda salarial entre mulleres e homes.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Administración de persoal e Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• Realización do estudo• Principais fendas detectadas

Medida 1.2.4 Desenvolvemento de accións formativas dirixidas ao conxunto do persoal municipal, adaptadas á natureza dos postos e incluíndo os equipos técnicos e políticos para mellorar a incorporación da perspectiva de xénero na acción municipal (programas, proxectos, orzamentos, informes con impacto de xénero etc.).

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Alcaldía e Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° de accións formativas realizadas• N° de persoas participantes por sexo, posto de traballo e/ou tipo de responsabilidade

Medida 1.2.5 Incorporación de módulos de igualdade de xénero en todas as accións formativas do persoal ao servizo da Administración municipal (indefinido e temporal).

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Administración de persoal e Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de accións formativas que inclúen módulos de igualdade• N° de persoas participantes por sexo

Medida 1.2.6 Inclusión da normativa en materia de igualdade de xénero nos programas dos procesos selectivos para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario e o ingreso de persoal laboral do Concello.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Secretaría e Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• Introducción da normativa por tipo de proceso• N° de procesos selectivos realizados coa dita normativa

Medida 1.2.7 Incorporación da perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos municipais.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Todos os departamentos	<ul style="list-style-type: none">• % do orzamento que inclúe criterios de igualdade• % do orzamento municipal dedicado a accións positivas que fomenten a igualdade de xénero por área municipal

Medida 1.2.8 Introducción de criterios de xénero nos pregos de condicións das contratacións e nas convocatorias de axudas e subvencións de todos os departamentos (existencia dun plan de igualdade no seo da organización/empresa ou identificación de accións de igualdade, formación en xénero ao persoal etc.).

ÁREA RESPONSABLE

Todos os departamentos

INDICADORES

- N° e tipo de criterios en bases de contratación/subvencións

Medida 1.2.9 Continuidade e reforzamento, no seu caso, da desagregación por sexo nos sistemas de información e produción estatística de todas as áreas municipais (bases de datos, formularios, rexistros, memorias, etc.).

ÁREA RESPONSABLE

Todos os departamentos

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións de reforzo realizadas

Medida 1.2.10 Impulso da presenza ou composición equilibrada de mulleres e homes en órganos de decisión (comisións, tribunais de selección, oposicións, xurados etc.).

ÁREA RESPONSABLE

Todos os departamentos

INDICADORES

- N° de órganos con composición equilibrada por tipoloxía
- N° de persoas participantes por sexo

ÁREA ESTRATÉXICA 2: REFORZANDO O CAMBIO DE MODELOS E VALORES PARA A IGUALDADE

A pesar dos innegables avances producidos no terreo da igualdade entre mulleres e homes, persisten aínda moitos estereotipos e prexuízos sexistas que impiden que se poida falar dunha verdadeira igualdade, cando non se traducen directamente en condutas discriminatorias cara as mulleres en distintas esferas.

Continuar concienciando a poboación sobre a necesidade de poñer fin a esta asimetría e apostar por unha sociedade libre de estereotipos de xénero na que mulleres e homes fagan un uso equitativos dos tempos é o obxectivo central desta segunda área.

A educación en igualdade desde as idades máis temperás é a mellor ferramenta para loitar contra os prexuízos, actitudes e condutas sexistas aínda presentes na nosa sociedade que condicionan as vidas de mulleres e homes: desde as relacións de parella, as vocacións e o desenvolvemento profesional, a elección de medios de lecer e actividades deportivas, ata o uso dos tempos, en ausencia dun reparto equitativo das responsabilidades domésticas e dos coidados. Para isto, fortalecerase o labor de información e sensibilización que xa se vén desenvolvendo desde hai anos, en colaboración coa comunidade educativa, en materia de coeducación e divulgación de valores para a igualdade, e procurará estenderse a outros sectores como o ámbito deportivo, para conseguir erradicar estereotipos de xénero que impiden unha diversificación na elección e na práctica de actividades deportivas, tanto por parte das rapazas como dos rapaces.

Manterase a actividade de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a necesaria igualdade, incidindo nas vantaxes que esta ten para toda a sociedade, tanto para mulleres como para homes. Farase fincapé na importancia da corresponsabilidade como xeito de acabar co desequilibrio que impide que mulleres e homes fagan un uso semellante dos seus tempos e que dificultan a incorporación e a permanencia das mulleres ao mundo laboral en condicións de igualdade. A conciliación corresponsable vai máis alá do ámbito familiar e supón a implicación de toda a sociedade, incluído o

sector empresarial mediante a adopción de medidas de conciliación e para a racionalización horaria, entre outras actuacións.

Obxectivo estratéxico: continuar co labor de concienciación do conxunto da cidadanía para procurar un novo modelo de sociedade favorable á igualdade, libre de estereotipos de xénero e equitativo no uso dos tempos por parte de mulleres e homes.

Obxectivo operativo 2.1 Fortalecer as accións coeducativas dirixidas á erradicación dos roles e estereotipos de xénero e a unha educación en igualdade.

Medida 2.1.1 Continuidade da colaboración co CPI Plurilingüe de Rodeiro para o desenvolvemento de accións educativas, de información e sensibilización en materia de igualdade de xénero dirixidas ás distintas etapas educativas.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos sociais

- N° e tipo de actuacións realizadas
- Alumnado e profesorado participante por sexo, curso/etapa educativa

Medida 2.1.2 Desenvolvemento de actuacións en colaboración coa ANPA do colexio e co persoal do PAI dirixidas ás familias sobre educación en igualdade e corresponsabilidade.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos sociais

- N° e tipo de actuacións realizadas
- N° de persoas participantes por sexo

Medida 2.1.3 Reforzamento da coeducación e a perspectiva de xénero nas actividades de lecer xuvenil e nos servizos de atención á infancia de carácter municipal (programas de conciliación, campamentos vacacionais, programación de actividades lúdicas etc.).

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos sociais

- N° e tipo de actuacións realizadas
- N° de persoas participantes por sexo

Medida 2.1.4 Continuidade na realización de actuacións dirixidas ás familias e á sociedade en xeral para a eliminación dos estereotipos de xénero na elección de xoguetes.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo e colectivo

Medida 2.1.5 Desenvolvemento de accións dirixidas á mocidade sobre diversidade sexuais e relacións afectivas en igualdade nas que se aborden as problemáticas asociadas ao uso das TIC e das redes sociais (*ciberacoso, sexting, etc.*).

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo

Medida 2.1.6 Realización de accións informativas para favorecer a diversificación profesional e a erradicación dos estereotipos de xénero na elección de estudos dirixidas a rapazas e rapaces do pobo.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo

Medida 2.1.7 Organización de campañas de sensibilización dirixidas ao conxunto da comunidade educativa, persoal adestrador e directivas de clubs e asociacións deportivas, para romper cos estereotipos de xénero no deporte e fomentar a diversificación e a continuidade na práctica deportiva por parte de rapazas e rapaces.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Deportes e Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo e colectivo

Obxectivo operativo 2.2 Proseguir co labor de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a igualdade, a corresponsabilidade e unha mellor xestión dos tempos.

Medida 2.2.1 Continuidade da actividade municipal para a sensibilización da poboación en torno a distintas temáticas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes a través de distintos formatos (campañas, espazos de reflexión, actividades divulgativas, actos conmemorativos etc.).

ÁREA RESPONSABLE

Servizos sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións realizadas
- N° de persoas participantes por sexo

Medida 2.2.2 Impulso de espazos para o debate e actuacións informativas sobre novas masculinidades e para o desenvolvemento de actitudes e comportamentos igualitarios.

ÁREA RESPONSABLE

Servizos sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións realizadas
- N° de persoas participantes por sexo

Medida 2.2.3 Desenvolvemento de accións informativas dirixidas ao empresariado local para a promoción de boas prácticas en materia de racionalización horaria e implantación de medidas para a conciliación corresponsable.

ÁREA RESPONSABLE

Emprego e Servizos Sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións realizadas
 - N° de empresas participantes
- N° de persoas participantes por sexo

Medida 2.2.4 Desenvolvemento de campañas de sensibilización e información sobre as vantaxes da harmonización nos usos do tempo e sobre a necesaria corresponsabilidade, poñendo en valor o traballo doméstico e os coidados.

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións realizadas
- N° de persoas participantes por sexo

ÁREA ESTRATÉXICA 3: PROMOVENDO A EMPREGABILIDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

A participación das mulleres na actividade económica en condicións de igualdade é outro reto pendente da nosa sociedade, posto que a súa incorporación e permanencia no mundo do traballo remunerado segue a verse lastrada por distintos factores, entre os que ocupa un lugar central a desigual asunción das responsabilidades domésticas e de coidados dos fillos e as fillas ou das persoas en situación de dependencia.

Así pois, é fundamental que o Concello promova accións que, desde o seu ámbito competencial, contribúan a que as mulleres accedan ao mercado laboral por conta allea ou participen na actividade económica a través doutras fórmulas, como o autoemprego e a economía social. Para isto, é esencial continuar favorecendo accións de capacitación profesional, á vez que se facilita o emprendemento a través de accións de promoción do autoemprego e dun adecuado asesoramento para a posta en marcha de iniciativas empresariais.

Potenciar a responsabilidade social empresarial neste ámbito é fundamental, promovendo a contratación feminina e a posta en marcha de plans de igualdade no seo das empresas que, entre outras actuacións, incorporen medidas favorecedoras da conciliación corresponsable.

O mantemento e mellora, no seu caso, da oferta de recursos municipais para facilitar que as familias poidan compatibilizar o traballo co coidado das e dos seus fillos é outro dos obxectivos para os próximos anos, ao que se suma o de impulsar o reforzamento ou a creación de servizos específicos para a atención ao envellecemento e a dependencia.

Por outra parte, entre outras medidas, desde o Concello reforzarase a información sobre todos os recursos existentes en Galicia para facilitar a conciliación, a atención de nenas e nenos e a atención á dependencia, e estudarase a posibilidade de adaptar horarios de actividades e servizos ás necesidades reais da cidadanía de Rodeiro en termos de conciliación.

Obxectivo estratéxico: fomentar a empregabilidade das mulleres a través de distintas actuacións que faciliten a súa incorporación e permanencia no mundo laboral en condicións de igualdade, ao tempo que se impulsa a responsabilidade social das empresas e se reforzan os recursos que permiten conciliar a esfera laboral coa persoal e familiar.

Obxectivo operativo 3.1 Promover o acceso e a permanencia das mulleres no mercado laboral e apoiar distintas fórmulas de participación na actividade económica.

Medida 3.1.1 Fomento da oferta de cursos de formación en ámbitos adaptados ás demandas actuais das mulleres do rural e ás necesidades do mercado laboral.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Emprego

- N° e tipo de actuacións realizadas
- N° de mulleres participantes por acción formativa

Medida 3.1.2 Promoción da oferta de programas formativos e de emprego dirixidos a mulleres paradas de longa duración, maiores de 45 anos, e mulleres noutras situacións de vulnerabilidade.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Emprego

- N° e tipo de actuacións realizadas
- N° de mulleres participantes por acción formativa

Medida 3.1.3 Impulso ao establecemento de medidas de acceso preferente a programas de formación e emprego para a incorporación de mulleres e homes naqueles sectores ou postos nos que cada sexo se atope infrarrepresentado.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Emprego

- N° e tipo de programas que incorporan medidas de acceso preferente
- N° de persoas participantes por sexo

Medida 3.1.4 Apoio ao emprendemento e o autoemprego das mulleres do concello a través da oferta de asesoramento, información sobre axudas, formación e acompañamento no proceso de definición e consolidación da idea empresarial.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Emprego	<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipo de actuacións realizadas• Nº de mulleres participantes

Medida 3.1.5 Desenvolvemento de accións de promoción e sensibilización en torno ao emprendemento nas que se visibilicen as achegas das mulleres como referentes femininos no empresariado local (charlas, xornadas, premios etc.)

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Emprego	<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipo de actuacións realizadas• Nº de persoas participantes por sexo

Medida 3.1.6 Continuidade das accións de capacitación das mulleres no manexo das TIC, adaptándoas aos diferentes niveis de coñecemento e as demandas do mercado laboral.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipo de actuacións realizadas• Nº de mulleres participantes

Obxectivo operativo 3.2 Potenciar a responsabilidade social empresarial e o reforzamento dos recursos municipais que permiten a conciliación.

Medida 3.2.1 Divulgación entre o empresariado local de información específica en materia de contratación de mulleres, igualdade no emprego e conciliación.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Emprego	<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipo de actuacións realizadas

Medida 3.2.2 Impulso á implantación de plans de igualdade nas empresas do municipio.

ÁREA RESPONSABLE

INDICADORES

Emprego

- N° e tipo de actuacións realizadas
-
-

Medida 3.2.3 Reforzo da información pública a través de distintos medios sobre recursos municipais e autonómicos para a conciliación, a atención á infancia e o coidado de persoas en situación de dependencia.

ÁREA RESPONSABLE

INDICADORES

Servizos Sociais e Informática

- N° e tipo de actuacións realizadas
 - Soportes informativos empregados
-
-

Medida 3.2.4 Mantemento e reforzo, no seu caso, da oferta de actividades socioeducativas que facilitan a conciliación das familias ao longo do curso escolar fóra do horario lectivo.

ÁREA RESPONSABLE

INDICADORES

Servizos Sociais

- N° e tipo de servizos ofrecidos
 - N° e tipo de accións de mellora introducidas
 - N° de nenas e nenos participantes por sexo
-
-

Medida 3.2.5 Mantemento e reforzo, no seu caso, da oferta de lecer educativo en períodos vacacionais que facilita a conciliación das familias.

ÁREA RESPONSABLE

INDICADORES

Servizos Sociais

- N° e tipo de servizos ofrecidos
 - N° e tipo de accións de mellora introducidas
 - N° de nenas e nenos participantes por sexo
-
-

Medida 3.2.6 Consolidación e mellora da oferta de recursos que permiten ás familias compatibilizar a esfera laboral coas responsabilidades familiares (PAI, etc.).

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

- N° e tipo de servizos ofrecidos
- N° e tipo de accións de mellora introducidas ou novos servizos creados
- N° de nenas e nenos participantes por sexo

Medida 3.2.7 Aplicación de criterios de acción positiva nos procedementos de admisión e subvención para a participación en actividades de conciliación e lecer infanto-xuvenil, co fin de facilitar a participación ás familias monoparentais e/ou con escasos recursos.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

- N° e tipo de criterios establecidos
- Programas que incorporan criterios de acción positiva
- N° de persoas beneficiarias por sexo

Medida 3.2.8 Realización dunha valoración dos horarios dos servizos municipais e da programación das actividades organizadas desde o Concello para a súa adaptación ás necesidades de conciliación da cidadanía.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

- N° e tipo de actuacións realizadas
- Servizos ou actividades que modificaron o seu horario

Medida 3.2.9 Mellora ou creación de servizos de apoio e coidado que facilitan á conciliación, con especial atención a servizos de atención ao envellecemento e á dependencia.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

- N° e tipo de actuacións realizadas
- Servizos implantados ou proxectados

ÁREA ESTRATÉXICA 4: MELLORANDO A CALIDADE DE VIDA E O BENESTAR

Esta cuarta área estratéxica ten como obxectivo central contribuír ao benestar das mulleres desde unha óptica integral, así como mellorar a contorna a través da conformación de espazos máis seguros e sustentables, introducindo a perspectiva de xénero na planificación urbanística e nas infraestruturas, o que, sen dúbida, redundará na mellora da calidade de vida do conxunto da cidadanía.

Como primeiro obxectivo, prevese desenvolver distintas medidas que favorezan o benestar físico e psicosocial das mulleres a través de múltiples actuacións que contribúan ao coidado da saúde e desde a óptica da diversidade, considerando as distintas circunstancias, intereses e necesidades das mulleres ao longo da súa vida: entre outras medidas, actividades informativas e de actividade física para mulleres maiores, formación en autocoidado para mitigar o desgaste físico e mental que sofren as persoas coidadoras, ou actividades de promoción de hábitos saudables entre a poboación máis nova, sen esquecer a atención que precisan as mulleres de distintas idades que se atopan en situación de vulnerabilidade.

A contorna na que vivimos é determinante nas nosas vidas: como nos movemos, como nos desprazamos, a dispoñibilidade de transporte -que condiciona a nosa participación social-; a seguridade coa que camiñamos polas rúas; a accesibilidade exterior e nas edificacións etc. No marco das súas competencias, as Administracións municipais poden contribuír a mellorar a conformación dos espazos, introducindo o enfoque de xénero na planificación urbanística e nas instalacións.

Así, o segundo obxectivo desta área recolle diversas medidas dirixidas a mellorar a accesibilidade en espazos públicos e adaptar as instalacións municipais ás necesidades de todas as persoas, tendo en conta a súa diversidade: infancia, persoas con mobilidade reducida etc., así como incrementar a seguridade en zonas de escasa iluminación e visibilidade etc.

Introducir o enfoque de xénero nos plans urbanísticos e no deseño de equipamentos é esencial e todo un reto para un pequeno Concello, e un primeiro paso pode ser o impulso de accións de recoñecemento público das mulleres, mediante a asignación de nomes de mulleres senlleiras a espazos municipais.

Obxectivo estratéxico: favorecer o benestar das mulleres desde unha óptica integral que atenda á súa diversidade, fomentando estilos de vida saudables e contribuíndo á calidade de vida mediante intervencións que procuren contornas máis seguras e sustentables, así como unha planificación de servizos e infraestruturas con perspectiva de xénero.

Obxectivo operativo 4.1 Mellorar a saúde das mulleres a través de accións de autocoidado que contribúan ao seu benestar físico e psicosocial mediante unha organización descentralizada no municipio.

Medida 4.1.1 Desenvolvemento de actividades en distintos formatos para promover hábitos saudables e de autocoidado adaptadas ás distintas etapas do ciclo vital e sobre diferentes temáticas ou problemas de saúde frecuentes na poboación feminina (menopausia, osteoporose, trastornos alimenticios etc.).

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións realizadas
- N° de persoas participantes por sexo

Medida 4.1.2 Organización de actividades saudables para toda a poboación, principalmente para mulleres maiores (taichi, pilates, ximnasia de mantemento, etc.).

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións realizadas
- N° de persoas participantes por sexo

Medida 4.1.3 Realización de obradoiros de autocoidado dirixidos a persoas coidadoras para mitigar os efectos físicos e psicolóxicos desta actividade sobre a súa saúde.

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° de obradoiros realizados
- N° de persoas participantes por sexo

Medida 4.1.4 Desenvolvemento de actividades específicas de prevención e promoción de hábitos saudables con perspectiva de xénero dirixidos á poboación moza (alimentación, actividade física e todo tipo de adiccións: consumos de alcohol e drogas, abuso e uso inadecuado das TIC, apostas en liña, videoxogos etc.).

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións
 - N° de persoas participantes por sexo
-
-

Medida 4.1.5 Realización de actividades informativas dirixidas á poboación adolescente sobre relacións afectivo-sexuais desde un enfoque de corresponsabilidade na saúde sexual e reprodutiva.

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións
 - N° de persoas participantes por sexo
-
-

Medida 4.1.6 Difusión e apoio ás actuacións desenvolvidas por entidades de iniciativa social da comarca que traballan no ámbito da saúde: asociacións de persoas con discapacidade, asociacións de familiares ou persoas con enfermidades etc.

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións
 - Entidades participantes/colaboradoras
 - N° de persoas participantes por sexo
-
-

Medida 4.1.7 Continuidade dos programas de atención a mulleres en situación de vulnerabilidade (mulleres inmigrantes, mulleres con dificultades económicas, mulleres con discapacidade etc.).

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° de consultas realizadas
 - N° e tipo de actuacións realizadas
 - N° de persoas beneficiarias por sexo e perfil
-
-

Obxectivo operativo 4.2 Incorporar a perspectiva de xénero ás intervencións urbanísticas e de infraestruturas para a conformación de espazos máis seguros, sustentables e adaptados á diversidade de todas as persoas.

Medida 4.2.1 Reforma progresiva das instalacións municipais (deportivas, bibliotecas, centros cívicos e culturais, etc.) con perspectiva de xénero (vestiarios e duchas para mulleres para a práctica deportiva; para persoas con menores a cargo cambiadores de cueiros nos baños de homes e mulleres, WC adaptados unisex, salas de xogo e espazos para a lactación etc.).

ÁREA RESPONSABLE

INDICADORES

Urbanismo e Obras

- Nº e tipo de reformas/intervencións realizadas
-
-

Medida 4.2.2 Realización dunha análise de puntos críticos no termo municipal para a mellora da accesibilidade e a seguridade: zonas de escasa iluminación e visibilidade (camiños, rúas, paradas de autobús etc.) e accesibilidade en edificios e instalacións municipais.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Urbanismo e Obras

- Realización da análise
 - Nº e tipo de necesidades detectadas
 - Nº e tipo de actuacións realizadas
-
-

Medida 4.2.3 Impulso de accións de mellora da accesibilidade en espazos públicos e privados de uso colectivo para facilitar a mobilidade das persoas que realizan tarefas de coidado, persoas en situación de dependencia e persoas con mobilidade reducida.

ÁREA RESPONSABLE

INDICADORES

Urbanismo e Obras

- Nº e tipo de actuacións realizadas
-
-

Medida 4.2.4 Incorporación do enfoque de xénero nos plans urbanísticos e no deseño de infraestruturas públicas e equipamentos urbanos.

ÁREA RESPONSABLE

INDICADORES

Urbanismo e Obras

- Nº e tipo de actuacións realizadas
-
-

Medida 4.2.5 Impulso de iniciativas para a mellora do transporte nas parroquias rurais que teña en conta a maior dificultade de mobilidade da poboación feminina, en colaboración con outras administracións.

ÁREA RESPONSABLE

INDICADORES

Alcaldía

- Nº e tipo de actuacións realizadas
-
-

Medida 4.2.6 Impulso de accións de recoñecemento público das mulleres, nomeadamente das mulleres senlleiras galegas e da comarca, mediante a asignación dos seus nomes a espazos municipais: rúas, centros municipais, edificacións públicas etc.

ÁREA RESPONSABLE

INDICADORES

Alcaldía e Urbanismo e Obras

- Nº e tipo de espazos seleccionados para a asignación dun nome de muller
-
-

ÁREA ESTRATÉXICA 5: FAVORECENDO O EMPODERAMENTO E A CIDADANÍA ACTIVA

Esta quinta área condensa un conxunto de medidas coas que se vai seguir promovendo a participación activa das mulleres en todos os eidos en condicións de igualdade e contribuír a visibilizar as súas contribucións, presentes e pasadas.

Para levar a cabo este obxectivo é esencial favorecer o empoderamento individual e colectivo das mulleres, labor no que o movemento asociativo xoga un papel central.

Continuaranse desenvolvendo accións de promoción da autonomía persoal, de formación no uso de novas tecnoloxías, e reforzarse o enfoque de xénero na planificación e organización de todo tipo de actividades para unha participación verdadeiramente inclusiva: deportivas, culturais, e de lecer, de maneira que os estereotipos e os prexuízos de xénero aínda presentes na nosa sociedade non condicionen unha participación segregada de mulleres e homes segundo a actividade da que se trate.

Un segundo obxectivo operativo pretende fomentar a presenza equilibrada de mulleres e homes en distintas estruturas de participación e visibilizar a contribución das mulleres nos distintos eidos.

Entre outras medidas, promocionarase o asociacionismo, especialmente entre as mulleres máis novas, e fomentarase que nos órganos decisorios de todo tipo de asociacións e entidades a presenza das mulleres sexa maior. Seguirase a prestar apoio técnico ás asociacións de mulleres para lles facilitar a súa xestión e terase en conta a perspectiva de xénero nos proxectos que presenten entidades e asociacións no acceso a subvencións municipais.

Finalmente, os ámbito cultural e turístico incorporarán tamén o enfoque de xénero na súa actividade e, en concreto, impulsaranse distintas accións coas que contribuír a poñer en valor o papel das mulleres e recoñecer as súas contribucións ao desenvolvemento local, especialmente das mulleres maiores do pobo.

Obxectivo estratéxico: promover unha cidadanía activa entre as mulleres, impulsando a súa participación nas distintas esferas en condicións de igualdade, favorecer o seu empoderamento e visibilizar as súas contribucións.

Obxectivo operativo 5.1 Contribuír ao empoderamento individual e impulsar a participación activa das mulleres nos distintos ámbitos.

Medida 5.1.1 Desenvolvemento de actividades para promover a autonomía persoal e o empoderamento das mulleres en colaboración co movemento asociativo.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de mulleres participantes

Medida 5.1.2 Continuidade das accións de formación, nomeadamente das mulleres maiores, no uso das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de participación social, adaptándoas ás distintas necesidades de capacitación dixital.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo e idade

Medida 5.1.3 Organización de actividades artísticas, culturais e de lecer (manualidades, baile, teatro, cociña etc.) con perspectiva de xénero, para fomentar a participación de mulleres e homes en actividades nas que cada sexo se encontra infrarrepresentado.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Cultura e Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo

Medida 5.1.4 Incorporación do enfoque de xénero ás campañas e eventos de carácter deportivo para difundir unha imaxe igualitaria da práctica deportiva, en especial nas disciplinas con menor presenza feminina.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Deportes	<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipo de actuacións realizadas• Nº de persoas participantes por sexo

Medida 5.1.5 Impulso de iniciativas que promovan a práctica deportiva de mulleres e homes en deportes masculinizados e feminizados respectivamente.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Deportes	<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipo de actuacións realizadas• Nº de persoas participantes por sexo

Medida 5.1.6 Planificación dunha oferta cultural plenamente inclusiva, respectuosa con todas as diversidades e que xere interese por igual a mulleres e a homes, mozos e mozas e nenas e nenos, sen estereotipos de xénero.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Cultura	<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipo de actuacións realizadas• Nº de persoas participantes por sexo

Obxectivo operativo 5.2 Fomentar a presenza e participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas estruturas de participación, ao tempo que se visibilizan as contribucións das mulleres en todos os eidos.

Medida 5.2.1 Fomento da presenza de mulleres nos órganos de decisión das diferentes entidades, organismos e estruturas de participación cidadá.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• Nº e tipo de actuacións realizadas• Nº de persoas participantes por sexo

Medida 5.2.2 Promoción do asociacionismo, especialmente entre as mulleres máis novas.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de mulleres participantes

Medida 5.2.3 Valoración positiva da introdución da perspectiva de xénero nos proxectos que presenten as entidades e asociacións de participación cidadá no acceso a subvencións de ámbito municipal.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo

Medida 5.2.4 Mantemento do apoio técnico ás asociacións de mulleres do municipio coa finalidade de mellorar a súa xestión e administración, especialmente mediante o asesoramento para a solicitude e xustificación de axudas públicas para a realización de actividades.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• Asociacións beneficiarias

Medida 5.2.5 Difusión e visibilización da participación e contribución das mulleres de Rodeiro ao desenvolvemento local, desde os oficios tradicionais que realizan as mulleres da zona ata as súas achegas ao mundo agrario, á creación de negocios, á gastronomía, cultura, educación, etc.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Medio Rural e Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo

Medida 5.2.6 Impulso á realización de actividades conmemorativas en torno ao 15 de outubro, Día Internacional das Mulleres Rurais.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Medio Rural e Emprego	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo

Medida 5.2.7 Organización de actividades en diferentes formatos para a visibilización e posta en valor das achegas das mulleres en todos os ámbitos (historia, cultura, arte, ciencias, economía, política, etc.).

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos Sociais e Cultura	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo

Medida 5.2.8 Incorporación da perspectiva de xénero á organización de rutas turísticas e culturais.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Turismo	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo

Medida 5.2.9 Organización de actividades interxeracionais nas que se poña en valor as contribucións das mulleres maiores do pobo aos distintos eidos (aos oficios, á cultura, á fala, á gastronomía etc.).

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Cultura	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de persoas participantes por sexo e grupos de idade

Medida 5.2.10 Revisión dos fondos bibliográficos municipais para a adquisición de materiais didácticos con perspectiva de xénero e o incremento do número de obras escritas por mulleres.

	INDICADORES
ÁREA RESPONSABLE	
Cultura	<ul style="list-style-type: none">• Realización da revisión• Nº de materiais/fondos adquiridos con perspectiva de xénero

ÁREA ESTRATÉXICA 6: COMBATENDO A VIOLENCIA DE XÉNERO

Nos últimos tempos, a expresión máxima da desigualdade entre mulleres e homes, a violencia de xénero, vai acadando un rexeitamento social cada vez maior. A esta tarefa contribuíu a sociedade no seu conxunto, cun impulso significativo por parte dos distintos poderes públicos, incluídas as institucións municipais, que mesmo teñen xa recoñecida como competencia propia o desenvolvemento de actuacións contra a violencia de xénero, tras a reforma introducida na Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a raíz da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O Concello de Rodeiro, comprometido ao máximo nivel coa erradicación desta lacra, vai seguir traballando nos vindeiros anos para aumentar a concienciación e a denuncia das distintas formas de violencia contra as mulleres, á vez que se mellorarán os mecanismos que permiten que as vítimas reciban unha adecuada e coordinada atención por parte dos distintos organismos públicos.

No ámbito da sensibilización social seguiranse desenvolvendo actuacións de información e concienciación cidadá, fomentando unha participación máis activa de todos os sectores sociais e incidindo, como non pode ser doutro xeito, desde as idades máis temperás, a través de actividades de fomento de relacións de respecto e igualdade.

Farase fincapé na importancia da denuncia da violencia de xénero e na información para a súa identificación, especialmente nas zonas máis rurais do municipio.

Outras formas de violencia contra as mulleres, máis alá da exercida pola parella ou ex-parella, como son a prostitución e a trata, as agresións sexuais ou a violencia por razóns de orientación sexual, serán tamén obxecto de atención con este novo plan nas distintas actividades que se programen.

Xa no eido da intervención contra o maltrato, e no marco das competencias e recursos do Concello, realizarase unha mellor difusión dos recursos dirixidos ás mulleres vítimas de violencia de xénero e continuarase a dar apoio e unha adecuada derivación a

recursos especializados a estas mulleres. Manterase, ademais, a consideración destas situacións para priorizar o acceso das vítimas e persoas ao seu cargo a diferentes servizos municipais.

Doutra banda, darase continuidade á colaboración con outras administracións públicas, a vez que se vai impulsar a actividade da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Obxectivo estratéxico: proseguir co labor de sensibilización social, toma de conciencia e denuncia de todas as formas de violencia contra as mulleres e reforzar os mecanismos de prevención e apoio ás vítimas.

Obxectivo operativo 6.1 Sensibilizar o conxunto da sociedade sobre a violencia contra as mulleres para aumentar o seu rexeitamento e denuncia.

Medida 6.1.1 Continuidade do labor de información e concienciación cidadá sobre as diferentes formas de violencia contra as mulleres ao longo de todo o ano, e de xeito destacado en torno ao do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero, fomentando unha participación máis activa de todos os sectores da sociedade civil.

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- Nº e tipo de actuacións realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo

Medida 6.1.2 Continuidade das actividades realizadas no ámbito escolar para a prevención e eliminación de condutas violentas e sexistas e fomentar valores igualitarios e non discriminatorios, incidindo nas violencias dixitais e sexuais.

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- Nº e tipo de actuacións realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo e colectivo (alumnado, profesorado, familias)

Medida 6.1.3 Desenvolvemento de accións de sensibilización específicas sobre distintas formas de violencia social contra as mulleres: prostitución e trata, violencia LGTBI, agresións sexuais etc.

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións realizadas
 - N° de persoas participantes por sexo
-
-

Medida 6.1.4 Continuidade das accións de prevención da violencia de xénero a través de accións informativas e formativas que contribúan a súa identificación e denuncia, nomeadamente na contorna máis rural do municipio.

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións realizadas
 - N° de persoas participantes por sexo
-
-

Medida 6.1.5 Posta en marcha dun programa de sensibilización e prevención das agresións sexuais nos espazos festivos en colaboración con entidades e axentes sociais.

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

INDICADORES

- N° e tipo de actuacións realizadas
 - N° de persoas participantes por sexo
 - N° de colectivos/axentes sociais participantes
-
-

Obxectivo operativo 6.2 Facilitar o acceso aos distintos recursos de atención integral para todas as vítimas da violencia de xénero, á vez que se mellora a coordinación interinstitucional.

Medida 6.2.1 Difusión de información sobre recursos existentes para mulleres vítimas de violencia de xénero a través da web municipal e doutros soportes que acheguen a información a todas as mulleres do municipio.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Informática e Servizos Sociais

- Creación do apartado web
 - Nº de contidos incorporados/actualizados
 - Nº e tipo de actuacións realizadas a través doutros soportes informativos
-
-

Medida 6.2.2 Impulso da actividade da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero e difusión dos acordos que nela se tomen.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

- Nº e tipo de actuacións realizadas
 - Nº de persoas participantes por sexo e colectivo
 - Acordos difundidos
-
-

Medida 6.2.3 Continuidade das accións de apoio, asesoramento e derivación a recursos especializados para mulleres vítimas de violencia e persoas ao seu cargo.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

- Nº e tipo de actuacións realizadas
 - Nº de persoas beneficiarias por sexo
-
-

Medida 6.2.4 Mantemento e ampliación, no seu caso, das medidas positivas dirixidas a priorizar o acceso a diferentes servizos municipais a mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aos seus fillos e fillas e/ou maiores dependentes; e a súa inserción sociolaboral.

INDICADORES

ÁREA RESPONSABLE

Servizos Sociais

- Nº e tipo de cláusulas introducidas
 - Nº de persoas beneficiarias por sexo
-
-

Medida 6.2.5 Continuidade da oferta de accións formativas ás mulleres que sofren violencia para mellorar as súas posibilidades de inserción laboral.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Emprego e Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas• N° de mulleres participantes

Medida 6.2.6 Continuidade da colaboración con outras administracións públicas, en particular co CIM de Lalín, para a prevención e a adecuada derivación e atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas ao seu cargo.

ÁREA RESPONSABLE	INDICADORES
Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none">• N° e tipo de actuacións realizadas<ul style="list-style-type: none">• N° de derivacións realizadas• Organismos participantes• N° de consultas realizadas no CIM de Lalín• N° de persoas beneficiarias por sexo

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación dos instrumentos de planificación postos en marcha polas administracións públicas permiten comprobar que se está a realizar, se se están acadando os obxectivos previstos e o seu impacto na poboación á que se dirixen.

O III Plan de Igualdade de Xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023 será obxecto de seguimento e avaliación nos seguintes termos:

- Realizarase un seguimento do plan con carácter anual, a partir do seu primeiro ano de vixencia. O seguimento trátase dun tipo de avaliación intermedia, de maneira que, atendendo aos resultados e grao de cumprimento das accións previstas, poderase reconsiderar os obxectivos propostos e axustalos á marcha e consecución do plan para as seguintes anualidades.
- A avaliación levarase a cabo ao remate da vixencia do plan e permitirá coñecer o seu grao de execución, os seus resultados e o impacto que tivo sobre a sociedade, a institución e os distintos axentes implicados, de maneira que este coñecemento faga posible valorar a pertinencia da continuidade das medidas en anos futuros. Para a avaliación final elaborárase un informe de resultados que valore o nivel de execución do plan -obxectivos conseguidos e deficiencias- e que conterá unha memoria descritiva dos programas, proxectos e actuacións impulsados ao abeiro do III Plan. Ademais, incluírá aspectos de mellora e recomendacións que se poidan ter en conta para a elaboración dun futuro plan de igualdade.

Para medir con obxectividade o cumprimento de obxectivos e o impacto do plan sobre a igualdade de xénero no concello é recomendable que a avaliación a realice unha entidade externa á Administración municipal.

Para a realización do seguimento e avaliación dispórase dunha ficha deseñada *ad hoc* (anexo 1 do documento), na que recoller información específica sobre cada actuación desenvolvida no marco do III Plan.

ANEXO 1: FICHA DE RECOLLIDA DE DATOS PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO III PLAN DE IGUALDADE DE XÉNERO DO CONCELLO DE RODEIRO 2020-2023

INSTRUCCIÓN PARA A COBERTURA

Cubrirase unha ficha para cada actuación. É imprescindible dispoñer do documento do III Plan de Igualdade de Xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023 para unha axeitada cobertura, coa identificación exacta da área estratéxica, obxectivo operativo e medida.

(Preferiblemente a cobertura da ficha realizarase na ficha dixitalizada -en lugar de manualmente-, para o que deberá escribir nos espazos sombreados en gris).

DEPARTAMENTO MUNICIPAL/ENTIDADE OU ORGANISMO RESPONSABLE

ÁREA ESTRATÉXICA NA QUE SE INCLÚE

ÁREA 1 ÁREA 2 ÁREA 3 ÁREA 4 ÁREA 5 ÁREA 6

OBXECTIVO OPERATIVO NO QUE SE INCLÚE

1.1 1.2 2.1 2.2 3.1 3.2

4.1 4.2 5.1 5.2 6.1 6.2

MEDIDA DO PLAN NA QUE SE INCLÚE (Indicar os tres díxitos completos da medida ou medidas do III Plan nas que se encadra a actuación desenvolvida).

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN (Nome completo da actuación desenvolvida).

DESCRIPCIÓN (Información resumida e clara sobre a natureza, contexto e contido da actuación, beneficio ou recurso, así como sobre os obxectivos e necesidades ás que responde).

POBOACIÓN OU ENTIDADES DESTINATARIAS (Describir de forma detallada a que persoas –ou colectivos– está dirixida a actuación ou, no seu caso, a que entidades/organizacións. Detallar as características sociodemográficas (poboación infantil, adulta, persoas maiores, mocidade, persoas con discapacidade, empresariado etc.)

Persoas destinatarias:

Entidades/organizacións destinatarias:

NÚMERO DE PERSOAS PARTICIPANTES POR SEXO (Desagregación por sexo sempre que sexa posible. Cando menos, realice unha estimación aproximada da realidade).

Mulleres	Homes
----------	-------

INDICADORES (Indicar os datos atendendo aos indicadores recomendados no propio plan para á medida na que se encadra. Se non é posible axustar a información aos ditos indicadores, detallar outros manexados).

ENTIDADES COLABORADORAS (Indicar o nome dos departamentos, entidades, asociacións, empresas, outras administracións etc. que colaboraron no desenvolvemento da actuación).

LOCALIDADE/S NA QUE SE DESENVOLVEU A ACTUACIÓN (Lugar no que se desenvolveu a actuación: núcleo de Rodeiro e/ou nome completo da/s parroquia/s).

RECURSOS ECONÓMICOS DEDICADOS (Indicar o nome do/s departamento/s, entidades ou organismos que participaron no financiamento da actuación e o respectivo orzamento dedicado).

Nome do/s departamento/s ou entidade/s	Orzamento
--	-----------

€

€

€

MEDIOS E SOPORTES DE DIFUSIÓN (Indicar os medios utilizados para a difusión da actuación: prensa, radio, TV, anuncios/bandos, web municipal, cartelería, folletos, correo electrónico, correo postal, contacto telefónico etc.)

DATA DE REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN

Día e mes:

Ano:

2020

2021

2022

2023

DATOS DE CONTACTO DA PERSOA QUE COBRE A FICHA

Departamento/entidade:

Nome e apelido:

Cargo:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

Data cobertura formulario:

ANEXO 2: TÁBOA RESUMO DO PROGRAMA DE MEDIDAS

ÁREA ESTRATÉXICA 1: IMPULSANDO A IGUALDADE DESDE A INSTITUCIÓN

Obxectivo estratéxico: liderar desde a institución municipal os avances na igualdade entre mulleres e homes, fortalecendo o enfoque de xénero no conxunto da acción administrativa e nas políticas públicas locais.

Obxectivo operativo 1.1 Consolidar unha comunicación municipal inclusiva e con enfoque de xénero.

Medida 1.1.1 Difusión do III Plan para a igualdade de xénero do Concello de Rodeiro 2020-2023 entre o conxunto da cidadanía, axentes socioeconómicos do municipio e persoal técnico e político da institución.

Medida 1.1.2 Revisión da páxina web do Concello para a incorporación da perspectiva de xénero á exposición e organización de todos os contidos, velando pola utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas.

Medida 1.1.3 Creación na web municipal dun espazo permanente e visible para a información sobre recursos, servizos e actualidade en materia de igualdade de xénero.

Medida 1.1.4 Reforzo da utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas en todos os documentos administrativos, comunicacións internas e externas e materiais do Concello de Rodeiro.

ÁREA ESTRATÉXICA 1: IMPULSANDO A IGUALDADE DESDE A INSTITUCIÓN

Obxectivo estratéxico: liderar desde a institución municipal os avances na igualdade entre mulleres e homes, fortalecendo o enfoque de xénero no conxunto da acción administrativa e nas políticas públicas locais.

Obxectivo operativo 1.2 Reforzar o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes na organización municipal e incorporar a perspectiva de xénero a todos os procesos de traballo.

Medida 1.2.1 Establecemento dun sistema de recollida de información regular sobre necesidades de conciliación do persoal municipal.

Medida 1.2.2 Impulso da adopción de medidas que faciliten a conciliación do persoal do Concello sempre que se garanta o normal funcionamento do servizo (flexibilización da xornada, xornada reducida, prioridade do persoal con fillos e fillas menores de 12 anos para o goce de vacacións en períodos vacacionais etc.) á vez que se promove a súa utilización polo persoal masculino.

Medida 1.2.3 Realización dun estudo sobre a situación do persoal municipal en materia de igualdade de xénero, con especial atención aos aspectos que inciden na fenda salarial entre mulleres e homes.

Medida 1.2.4 Desenvolvemento de accións formativas dirixidas ao conxunto do persoal municipal, adaptadas á natureza dos postos e incluíndo os equipos técnicos e políticos para mellorar a incorporación da perspectiva de xénero na acción municipal (programas, proxectos, orzamentos, informes con impacto de xénero etc.).

Medida 1.2.5 Incorporación de módulos de igualdade de xénero en todas as accións formativas do persoal ao servizo da Administración municipal (indefinido e temporal).

Medida 1.2.6 Inclusión da normativa en materia de igualdade de xénero nos programas dos procesos selectivos para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario e o ingreso de persoal laboral do Concello.

Medida 1.2.7 Incorporación da perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos municipais.

ÁREA ESTRATÉXICA 1: IMPULSANDO A IGUALDADE DESDE A INSTITUCIÓN

Obxectivo estratéxico: liderar desde a institución municipal os avances na igualdade entre mulleres e homes, fortalecendo o enfoque de xénero no conxunto da acción administrativa e nas políticas públicas locais.

Obxectivo operativo 1.2 Reforzar o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes na organización municipal e incorporar a perspectiva de xénero a todos os procesos de traballo.

Medida 1.2.8 Introducción de criterios de xénero nos pregos de condicións das contratacións e nas convocatorias de axudas e subvencións de todos os departamentos (existencia dun plan de igualdade no seo da organización/empresa ou identificación de accións de igualdade, formación en xénero ao persoal etc.).

Medida 1.2.9 Continuidade e reforzamento, no seu caso, da desagregación por sexo nos sistemas de información e produción estatística de todas as áreas municipais (bases de datos, formularios, rexistros, memorias, etc.).

Medida 1.2.10 Impulso da presenza ou composición equilibrada de mulleres e homes en órganos de decisión (comisións, tribunais de selección, oposicións, xurados etc.).

ÁREA ESTRATÉXICA 2 REFORZANDO O CAMBIO DE MODELOS E VALORES PARA A IGUALDADE

Obxectivo estratéxico: continuar co labor de concienciación do conxunto da cidadanía para procurar un novo modelo de sociedade favorable á igualdade, libre de estereotipos de xénero e equitativo no uso dos tempos por parte de mulleres e homes.

Obxectivo operativo 2.1 Fortalecer as accións coeducativas dirixidas á erradicación dos roles e estereotipos de xénero e a unha educación en igualdade.

Medida 2.1.1 Continuidade da colaboración co CPI Plurilingüe de Rodeiro para o desenvolvemento de accións educativas, de información e sensibilización en materia de igualdade de xénero dirixidas ás distintas etapas educativas.

Medida 2.1.2 Desenvolvemento de actuacións en colaboración coa ANPA do colexio e co persoal do PAI dirixidas ás familias sobre educación en igualdade e corresponsabilidade.

Medida 2.1.3 Reforzamento da coeducación e a perspectiva de xénero nas actividades de lecer xuvenil e nos servizos de atención á infancia de carácter municipal (programas de conciliación, campamentos vacacionais, programación de actividades lúdicas etc.).

Medida 2.1.4 Continuidade na realización de actuacións dirixidas ás familias e á sociedade en xeral para a eliminación dos estereotipos de xénero na elección de xoguetes.

Medida 2.1.5 Desenvolvemento de accións dirixidas á mocidade sobre diversidade sexuais e relacións afectivas en igualdade nas que se aborden as problemáticas asociadas ao uso das TIC e das redes sociais (ciberacoso, *sexting*, etc).

Medida 2.1.6 Realización de accións informativas para favorecer a diversificación profesional e a erradicación dos estereotipos de xénero na elección de estudos dirixidas a rapazas e rapaces do pobo.

ÁREA ESTRATÉXICA 2 REFORZANDO O CAMBIO DE MODELOS E VALORES PARA A IGUALDADE

Obxectivo estratéxico: continuar co labor de concienciación do conxunto da cidadanía para procurar un novo modelo de sociedade favorable á igualdade, libre de estereotipos de xénero e equitativo no uso dos tempos por parte de mulleres e homes.

<p>Obxectivo operativo 2.1 Fortalecer as accións coeducativas dirixidas á erradicación dos roles e estereotipos de xénero e a unha educación en igualdade.</p>	<p>Medida 2.1.7 Organización de campañas de sensibilización dirixidas ao conxunto da comunidade educativa, persoal adestrador e directivas de clubs e asociacións deportivas, para romper cos estereotipos de xénero no deporte e fomentar a diversificación e a continuidade na práctica deportiva por parte de rapazas e rapaces.</p>
<p>Obxectivo operativo 2.2 Proseguir co labor de sensibilización do conxunto da cidadanía sobre a igualdade, a corresponsabilidade e unha mellor xestión dos tempos.</p>	<p>Medida 2.2.1 Continuidade da actividade municipal para a sensibilización da poboación en torno a distintas temáticas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes a través de distintos formatos (campañas, espazos de reflexión, actividades divulgativas, actos conmemorativos etc.).</p> <p>Medida 2.2.2 Impulso de espazos para o debate e actuacións informativas sobre novas masculinidades e para o desenvolvemento de actitudes e comportamentos igualitarios.</p> <p>Medida 2.2.3 Desenvolvemento de accións informativas dirixidas ao empresariado local para a promoción de boas prácticas en materia de racionalización horaria e implantación de medidas para a conciliación corresponsable.</p> <p>Medida 2.2.4 Desenvolvemento de campañas de sensibilización e información sobre as vantaxes da harmonización nos usos do tempo e sobre a necesaria corresponsabilidade, poñendo en valor o traballo doméstico e os coidados.</p>

ÁREA ESTRATÉXICA 3: PROMOVEDO A EMPREGABILIDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

Obxectivo estratéxico: fomentar a empregabilidade das mulleres a través de distintas actuacións que faciliten a súa incorporación e permanencia no mundo laboral en condicións de igualdade, ao tempo que se impulsa a responsabilidade social das empresas e se reforzan os recursos que permiten conciliar a esfera laboral coa persoal e familiar.

Obxectivo operativo 3.1 Promover o acceso e a permanencia das mulleres no mercado laboral e apoiar distintas fórmulas de participación na actividade económica.

Medida 3.1.1 Fomento da oferta de cursos de formación en ámbitos adaptados ás demandas actuais das mulleres do rural e ás necesidades do mercado laboral.

Medida 3.1.2 Promoción da oferta de programas formativos e de emprego dirixidos a mulleres paradas de longa duración, maiores de 45 anos, e mulleres noutras situacións de vulnerabilidade.

Medida 3.1.3 Impulso ao establecemento de medidas de acceso preferente a programas de formación e emprego para a incorporación de mulleres e homes naqueles sectores ou postos nos que cada sexo se atope infrarrepresentado.

Medida 3.1.4 Apoio ao emprendemento e o autoemprego das mulleres do concello a través da oferta de asesoramento, información sobre axudas, formación e acompañamento no proceso de definición e consolidación da idea empresarial.

Medida 3.1.5 Desenvolvemento de accións de promoción e sensibilización en torno ao emprendemento nas que se visibilicen as achegas das mulleres como referentes femininos no empresariado local (charlas, xornadas, premios etc.)

Medida 3.1.6 Continuidade das accións de capacitación das mulleres no manexo das TIC, adaptándoas aos diferentes niveis de coñecemento e as demandas do mercado laboral.

ÁREA ESTRATÉXICA 3: PROMOVEDO A EMPREGABILIDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

Obxectivo estratéxico: fomentar a empregabilidade das mulleres a través de distintas actuacións que faciliten a súa incorporación e permanencia no mundo laboral en condicións de igualdade, ao tempo que se impulsa a responsabilidade social das empresas e se reforzan os recursos que permiten conciliar a esfera laboral coa persoal e familiar.

Obxectivo operativo 3.2 Potenciar a responsabilidade social empresarial e o reforzamento dos recursos municipais que permiten a conciliación.

Medida 3.2.1 Divulgación entre o empresariado local de información específica en materia de contratación de mulleres, igualdade no emprego e conciliación.

Medida 3.2.2 Impulso á implantación de plans de igualdade nas empresas do municipio.

Medida 3.2.3 Reforzo da información pública a través de distintos medios sobre recursos municipais e autonómicos para a conciliación, a atención á infancia e o coidado de persoas en situación de dependencia.

Medida 3.2.4 Mantemento e reforzo, no seu caso, da oferta de actividades socioeducativas que facilitan a conciliación das familias ao longo do curso escolar fóra do horario lectivo.

Medida 3.2.5 Mantemento e reforzo, no seu caso, da oferta de lecer educativo en períodos vacacionais que facilita a conciliación das familias.

Medida 3.2.6 Consolidación e mellora da oferta de recursos que permiten ás familias compatibilizar a esfera laboral coas responsabilidades familiares (PAI, etc.).

Medida 3.2.7 Aplicación de criterios de acción positiva nos procedementos de admisión e subvención para a participación en actividades de conciliación e lecer infanto-xuvenil, co fin de facilitar a participación ás familias monoparentais e/ou con escasos recursos.

ÁREA ESTRATÉXICA 3: PROMOVEDO A EMPREGABILIDADE E A CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

Obxectivo estratéxico: fomentar a empregabilidade das mulleres a través de distintas actuacións que faciliten a súa incorporación e permanencia no mundo laboral en condicións de igualdade, ao tempo que se impulsa a responsabilidade social das empresas e se reforzan os recursos que permiten conciliar a esfera laboral coa persoal e familiar.

Obxectivo operativo 3.2 Potenciar a responsabilidade social empresarial e o reforzamento dos recursos municipais que permiten a conciliación.

Medida 3.2.8 Realización dunha valoración dos horarios dos servizos municipais e da programación das actividades organizadas desde o Concello para a súa adaptación ás necesidades de conciliación da cidadanía.

Medida 3.2.9 Mellora ou creación de servizos de apoio e coidado que facilitan á conciliación, con especial atención a servizos de atención ao envellecemento e á dependencia.

ÁREA ESTRATÉXICA 4: MELLORANDO A CALIDADE DE VIDA E O BENESTAR

Obxectivo estratéxico: favorecer o benestar das mulleres desde unha óptica integral que atenda á súa diversidade, fomentando estilos de vida saudables e contribuíndo á calidade de vida mediante intervencións que procuren contornas máis seguras e sustentables, así como unha planificación de servizos e infraestruturas con perspectiva de xénero.

<p>Obxectivo operativo 4.1 Mellorar a saúde das mulleres a través de accións de autocoidado que contribúan ao seu benestar físico e psicosocial mediante unha organización descentralizada no municipio.</p>	<p>Medida 4.1.1 Desenvolvemento de actividades en distintos formatos para promover hábitos saudables e de autocoidado adaptadas ás distintas etapas do ciclo vital e sobre diferentes temáticas ou problemas de saúde frecuentes na poboación feminina (menopausia, osteoporose, trastornos alimenticios etc.).</p>
	<p>Medida 4.1.2 Organización de actividades saudables para toda a poboación, principalmente para mulleres maiores (taichi, pilates, ximnasia de mantemento, etc.).</p>
	<p>Medida 4.1.3 Realización de obradoiros de autocoidado dirixidos a persoas coidadoras para mitigar os efectos físicos e psicolóxicos desta actividade sobre a súa saúde.</p>
	<p>Medida 4.1.4 Desenvolvemento de actividades específicas de prevención e promoción de hábitos saudables con perspectiva de xénero dirixidos á poboación moza (alimentación, actividade física e todo tipo de adiccións: consumos de alcohol e drogas, abuso e uso inadecuado das TIC, apostas en liña, videoxogos etc.).</p>
	<p>Medida 4.1.5 Realización de actividades informativas dirixidas á poboación adolescente sobre relacións afectivo-sexuais desde un enfoque de corresponsabilidade na saúde sexual e reprodutiva.</p>

ÁREA ESTRATÉXICA 4: MELLORANDO A CALIDADE DE VIDA E O BENESTAR

Obxectivo estratéxico: favorecer o benestar das mulleres desde unha óptica integral que atenda á súa diversidade, fomentando estilos de vida saudables e contribuíndo á calidade de vida mediante intervencións que procuren contornas máis seguras e sustentables, así como unha planificación de servizos e infraestruturas con perspectiva de xénero.

Obxectivo operativo 4.1 Mellorar a saúde das mulleres a través de accións de autocoidado que contribúan ao seu benestar físico e psicosocial mediante unha organización descentralizada no municipio.

Medida 4.1.6 Difusión e apoio ás actuacións desenvolvidas por entidades de iniciativa social da comarca que traballan no ámbito da saúde: asociacións de persoas con discapacidade, asociacións de familiares ou persoas con enfermidades etc.

Medida 4.1.7 Continuidade dos programas de atención a mulleres en situación de vulnerabilidade (mulleres inmigrantes, mulleres con dificultades económicas, mulleres con discapacidade etc.).

Obxectivo operativo 4.2 Incorporar a perspectiva de xénero ás intervencións urbanísticas e de infraestruturas para a conformación de espazos máis seguros, sustentables e adaptados á diversidade de todas as persoas.

Medida 4.2.1 Reforma progresiva das instalacións municipais (deportivas, bibliotecas, centros cívicos e culturais, etc.) con perspectiva de xénero (vestiarios e duchas para mulleres para a práctica deportiva; para persoas con menores a cargo cambiadores de cueiros nos baños de homes e mulleres, WC adaptados unisex, salas de xogo e espazos para a lactación etc.).

ÁREA ESTRATÉXICA 4: MELLORANDO A CALIDADE DE VIDA E O BENESTAR

Obxectivo estratéxico: favorecer o benestar das mulleres desde unha óptica integral que atenda á súa diversidade, fomentando estilos de vida saudables e contribuíndo á calidade de vida mediante intervencións que procuren contornas máis seguras e sustentables, así como unha planificación de servizos e infraestruturas con perspectiva de xénero.

Obxectivo operativo 4.2 Incorporar a perspectiva de xénero ás intervencións urbanísticas e de infraestruturas para a conformación de espazos máis seguros, sustentables e adaptados á diversidade de todas as persoas.

Medida 4.2.2 Realización dunha análise de puntos críticos no termo municipal para a mellora da accesibilidade e a seguridade: zonas de escasa iluminación e visibilidade (camiños, rúas, paradas de autobús etc.) e accesibilidade en edificios e instalacións municipais.

Medida 4.2.3 Impulso de accións de mellora da accesibilidade en espazos públicos e privados de uso colectivo para facilitar a mobilidade das persoas que realizan tarefas de coidado, persoas en situación de dependencia e persoas con mobilidade reducida.

Medida 4.2.4 Incorporación do enfoque de xénero nos plans urbanísticos e no deseño de infraestruturas públicas e equipamentos urbanos.

Medida 4.2.5 Impulso de iniciativas para a mellora do transporte nas parroquias rurais que teña en conta a maior dificultade de mobilidade da poboación feminina, en colaboración con outras administracións.

Medida 4.2.6 Impulso de accións de recoñecemento público das mulleres, nomeadamente das mulleres senlleiras galegas e da comarca, mediante a asignación dos seus nomes a espazos municipais: rúas, centros municipais, edificacións públicas etc.

ÁREA ESTRATÉXICA 5: FAVORECENDO O EMPODERAMENTO E A CIDADANÍA ACTIVA

Obxectivo estratéxico: promover unha cidadanía activa entre as mulleres, impulsando a súa participación nas distintas esferas en condicións de igualdade, favorecer o seu empoderamento e visibilizar as súas contribucións.:

<p>Obxectivo operativo 5.1 Contribuír ao empoderamento individual e impulsar a participación activa das mulleres nos distintos ámbitos.</p>	<p>Medida 5.1.1 Desenvolvemento de actividades para promover a autonomía persoal e o empoderamento das mulleres en colaboración co movemento asociativo.</p> <p>Medida 5.1.2 Continuidade das accións de formación, nomeadamente das mulleres maiores, no uso das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de participación social, adaptándoas ás distintas necesidades de capacitación dixital.</p> <p>Medida 5.1.3 Organización de actividades artísticas, culturais e de lecer (manualidades, baile, teatro, cociña etc.) con perspectiva de xénero, para fomentar a participación de mulleres e homes en actividades nas que cada sexo se encontra infrarrepresentado.</p> <p>Medida 5.1.4 Incorporación do enfoque de xénero ás campañas e eventos de carácter deportivo para difundir unha imaxe igualitaria da práctica deportiva, en especial nas disciplinas con menor presenza feminina.</p> <p>Medida 5.1.5 Impulso de iniciativas que promovan a práctica deportiva de mulleres e homes en deportes masculinizados e feminizados respectivamente.</p> <p>Medida 5.1.6 Planificación dunha oferta cultural plenamente inclusiva, respectuosa con todas as diversidades e que xere interese por igual a mulleres e a homes, mozos e mozas e nenas e nenos, sen estereotipos de xénero.</p>
---	---

ÁREA ESTRATÉXICA 5: FAVORECENDO O EMPODERAMENTO E A CIDADANÍA ACTIVA

Obxectivo estratéxico: promover unha cidadanía activa entre as mulleres, impulsando a súa participación nas distintas esferas en condicións de igualdade, favorecer o seu empoderamento e visibilizar as súas contribucións.:

<p>Obxectivo operativo 5.2 Fomentar a presenza e participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas estruturas de participación, ao tempo que se visibilizan as contribucións das mulleres en todos os eidos.</p>	<p>Medida 5.2.1 Fomento da presenza de mulleres nos órganos de decisión das diferentes entidades, organismos e estruturas de participación cidadá.</p>
	<p>Medida 5.2.2 Promoción do asociacionismo, especialmente entre as mulleres máis novas.</p>
	<p>Medida 5.2.3 Valoración positiva da introdución da perspectiva de xénero nos proxectos que presenten as entidades e asociacións de participación cidadá no acceso a subvencións de ámbito municipal.</p>
	<p>Medida 5.2.4 Mantemento do apoio técnico ás asociacións de mulleres do municipio coa finalidade de mellorar a súa xestión e administración, especialmente mediante o asesoramento para a solicitude e xustificación de axudas públicas para a realización de actividades.</p>
	<p>Medida 5.2.5 Difusión e visibilización da participación e contribución das mulleres de Rodeiro ao desenvolvemento local, desde os oficios tradicionais que realizan as mulleres da zona ata as súas achegas ao mundo agrario, á creación de negocios, á gastronomía, cultura, educación, etc.</p>
	<p>Medida 5.2.6 Impulso á realización de actividades conmemorativas en torno ao 15 de outubro, Día Internacional das Mulleres Rurais.</p>
	<p>Medida 5.2.7 Organización de actividades en diferentes formatos para a visibilización e posta en valor das achegas das mulleres en todos os ámbitos (historia, cultura, arte, ciencias, economía, política, etc.).</p>
	<p>Medida 5.2.8 Incorporación da perspectiva de xénero á organización de rutas turísticas e culturais.</p>

ÁREA ESTRATÉXICA 5: FAVORECENDO O EMPODERAMENTO E A CIDADANÍA ACTIVA

Obxectivo estratéxico: promover unha cidadanía activa entre as mulleres, impulsando a súa participación nas distintas esferas en condicións de igualdade, favorecer o seu empoderamento e visibilizar as súas contribucións.:

Obxectivo operativo 5.2 Fomentar a presenza e participación equilibrada de mulleres e homes nas distintas estruturas de participación, ao tempo que se visibilizan as contribucións das mulleres en todos os eidos

Medida 5.2.9 Organización de actividades interxeracionais nas que se poña en valor as contribucións das mulleres maiores do pobo aos distintos eidos (aos oficios, á cultura, á fala, á gastronomía etc.).

Medida 5.2.10 Revisión dos fondos bibliográficos municipais para a adquisición de materiais didácticos con perspectiva de xénero e o incremento do número de obras escritas por mulleres.

ÁREA ESTRATÉXICA 6: COMBATENDO A VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo estratéxico: proseguir co labor de sensibilización social, toma de conciencia e denuncia de todas as formas de violencia contra as mulleres e reforzar os mecanismos de prevención e apoio ás vítimas.

<p>Obxectivo operativo 6.1 Sensibilizar o conxunto da sociedade sobre a violencia contra as mulleres para aumentar o seu rexeitamento e denuncia.</p>	<p>Medida 6.1.1 Continuidade do labor de información e concienciación cidadá sobre as diferentes formas de violencia contra as mulleres ao longo de todo o ano, e de xeito destacado en torno ao do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero, fomentando unha participación máis activa de todos os sectores da sociedade civil.</p> <p>Medida 6.1.2 Continuidade das actividades realizadas no ámbito escolar para a prevención e eliminación de condutas violentas e sexistas e fomentar valores igualitarios e non discriminatorios, incidindo nas violencias dixitais e sexuais.</p> <p>Medida 6.1.3 Desenvolvemento de accións de sensibilización específicas sobre distintas formas de violencia social contra as mulleres: prostitución e trata, violencia LGTBI, agresións sexuais etc.</p> <p>Medida 6.1.4 Continuidade das accións de prevención da violencia de xénero a través de accións informativas e formativas que contribúan a súa identificación e denuncia, nomeadamente na contorna máis rural do municipio.</p> <p>Medida 6.1.5 Posta en marcha dun programa de sensibilización e prevención das agresións sexuais nos espazos festivos en colaboración con entidades e axentes sociais.</p>
<p>Obxectivo operativo 6.2 Facilitar o acceso aos distintos recursos de atención integral para todas as vítimas da violencia de xénero, á vez que se mellora a coordinación interinstitucional</p>	<p>Medida 6.2.1 Difusión de información sobre recursos existentes para mulleres vítimas de violencia de xénero a través da web municipal e doutros soportes que acheguen a información a todas as mulleres do municipio.</p> <p>Medida 6.2.2 Impulso da actividade da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero e difusión dos acordos que nela se tomen.</p>

ÁREA ESTRATÉXICA 6: COMBATENDO A VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo estratéxico: proseguir co labor de sensibilización social, toma de conciencia e denuncia de todas as formas de violencia contra as mulleres e reforzar os mecanismos de prevención e apoio ás vítimas.

Obxectivo operativo 6.2 Facilitar o acceso aos distintos recursos de atención integral para todas as vítimas da violencia de xénero, á vez que se mellora a coordinación interinstitucional

Medida 6.2.3 Continuidade das accións de apoio, asesoramento e derivación a recursos especializados para mulleres vítimas de violencia e persoas ao seu cargo.

Medida 6.2.4 Mantemento e ampliación, no seu caso, das medidas positivas dirixidas a priorizar o acceso a diferentes servizos municipais a mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aos seus fillos e fillas e/ou maiores dependentes; e a súa inserción sociolaboral.

Medida 6.2.5 Continuidade da oferta de accións formativas ás mulleres que sofren violencia para mellorar as súas posibilidades de inserción laboral.

Medida 6.2.6 Continuidade da colaboración con outras administracións públicas, en particular co CIM de Lalín, para a prevención e a adecuada derivación e atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas ao seu cargo.